

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 19 DE MAIO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se dispón que cese Álvaro Pérez López como secretario xeral da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se dispón que cese Marcos Gómez Román como director xeral de Comunicación.
- Decreto polo que se dispón que cese Beatriz Cuiña Barja como secretaria xeral técnica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
- Decreto polo que se dispón que cese Juan José Martín Álvarez como director xeral de Xustiza.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral da Presidencia da Xunta de Galicia a Beatriz Cuiña Barja.
- Decreto polo que se nomea director xeral do Gabinete da Presidencia da Xunta a Emilio José de la Iglesia Lema.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral de Medios a Silvia Valdés Díaz de Freijo.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Comunicación a Jorge Pan Varea.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Elena Muñoz Fonteriz.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a ponte da Ponte Maceira sobre o río Tambre entre os termos municipais de Ames e Negreira (A Coruña).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se establece a creación e o marco normativo regulador das actividades da Escola Galega de Saúde Pública.
- Decreto polo que se regulan as condicións e os requisitos para a preparación e entrega de sistemas personalizados de dosificación nas oficinas de farmacia de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social a aldea modelo de Mouteira-Parada, no concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social a aldea modelo do Seixo, no concello da Gudiña (Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social a aldea modelo de Francos de Proendos, no concello de Sober (Lugo).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social a aldea modelo de Covelo, no concello de Taboadela (Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social a aldea modelo de Carzoá, no concello de Cualedro (Ourense).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a construción dun centro loxístico no concello das Pontes de García Rodríguez, por un importe total de douscentos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

corenta e nove mil douscentos sesenta e dous euros con sesenta e cinco céntimos (249.262,65 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios de colaboración, así como a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados, entre a Secretaría Xeral para o Deporte e 18 federacións deportivas galegas para o desenvolvemento do Plan Corresponsables, por importe de dous millóns cincocentos trinta e nove mil trescentos cincuenta e seis euros (2.539.356 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para a promoción, dinamización, difusión e coordinación da estratexia de turismo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, por importe total de douscentos doce mil euros (212.000 €).
- Acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia o Asalto ao Castelo (Vimianzo), a Festa do Percebe (Aguíño, Ribeira), a Festa das Sopas de Burro Canso (Muíños) e a Festa da Bica (A Pobra de Trives).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco cun único empresario, suxeito a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a subministración sucesiva do material necesario para configurar o sistema de cablaxe estruturada en centros da Rede corporativa da Xunta de Galicia (expediente AMT-2022-0085) cun orzamento de licitación, IVE incluído, de nove millóns seiscentos oitenta mil euros con oitenta e seis céntimos (9.680.000,86 €), e un valor estimado de oito millóns de euros con setenta e un céntimos (8.000.000,71 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para eximir os beneficiarios das subvencións da obriga de constituír garantías nos pagamentos á conta que poidan recibir en relación coa Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, correspondentes ás liñas de actuación 1 e 2.i de reforzo da conectividade en polígonos industriais e centros loxísticos, no marco do investimento C15.I2 do Compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria para o período 2022-2023 (código de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procedemento PR603B), por un importe de catro millóns trescentos nove mil setecentos cincuenta euros (4.309.750 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.A1.571A.770.0.

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe máximo de dous millóns trescentos noventa e dous mil catrocentos vinte cinco euros (2.392.425 €).
- Acordo polo que se aproba a oferta de emprego público da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondente ao ano 2022, a oferta adicional para estabilizar prazas vacantes estruturais provistas de forma temporal e a modificación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2021.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Pantón para a execución da actuación de abastecemento de auga potable ás parroquias de San Vicente de Castillón, Santiago de Castillón e Santo Estevo de Mato, financiado ao 100 % a parte elixible pola Unión Europea no marco do eixe REACT UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, por importe de seiscentos cincuenta mil euros (650.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Cambados, Cambados (Pontevedra), por importe dun millón catrocentos vinte e catro mil catrocentos noventa e cinco euros con setenta e sete céntimos (1.424.495,77 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se aproba o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia Costa, ciclo 2021-2027, e a súa remisión ao Goberno do Estado, para os efectos da súa aprobación polo Consello de Ministros.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade de Vigo para a análise piloto do efecto da presión agroforestal sobre o ecosistema Ribeira-Río, no marco do Proxecto Innovaugas 4.0, cofinanciado nun 80 % do gasto elixible pola Unión Europea a través do Fondo europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

operativo Feder plurirrexional de España 2014-2020, por importe de cento vinte e un mil euros (121.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se lle autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos á conta do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica no ano 2022, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como para eximir da obriga de constituír garantías establecidas no artigo 67 do decreto, na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical Rede galega de música ao vivo en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 21.22, ao abeiro do programa Hub da industria creativa galega, financiadas ao 100 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se realiza a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT302D), por un importe total de seiscentos mil euros (600.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual e o establecemento de pagamentos á conta en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación coa Orde pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022, por un importe de trescentos nove mil douscentos sesenta e seis euros con sesenta e catro céntimos (309.266,64 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se aproba o VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) e o Consello Regulador das indicacións xeográficas protexidas de carne de vacún de Galicia para a concesión dunha axuda para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da carne de vacún certificada pola IXP Ternera Gallega, por un importe de setecentos mil euros (700.000 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axudas para o programa Bonos de innovación.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre concesión de axudas de fermosismo a concellos.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación de emerxencia da obra "Actuacións para restablecer a circulación viaria, cortada polo colapso da LU-651 entre os pp.qq. 17+650 e 18+470. Desvío provisional para restablecer temporalmente o tráfico na LU-651 entre os PP.QQ. 17+650 e 18+470, por importe de un millón trescentos corenta e un mil noventa e cinco euros con corenta e catro céntimos (1.341.095,44€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre a convocatoria de axudas a concellos para a construción de pistas deportivas por importe de dous millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a Campaña de vacinación antigripal 2021.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE BEATRIZ CUIÑA BARJA COMO SECRETARIA XERAL DA PRESIDENCIA

- Emilio de la Iglesia é nomeado director xeral do Gabinete da Presidencia da Xunta
- O Goberno galego tamén acorda o nomeamento de Silvia Valdés Díaz de Freijo como secretaria xeral de Medios e de Jorge Pan Varea como director xeral de Comunicación

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que nomea a Beatriz Cuiña Barja secretaria xeral da Presidencia. A maiores, o Goberno galego acordou nomear como director xeral do Gabinete da Presidencia da Xunta a Emilio José de la Iglesia Lema.

No eido da comunicación, o Consello da Xunta aprobou os nomeamentos de Silvia Valdés Díaz de Freijo e Jorge Pan Varea, como secretaria xeral de Medios e director xeral de Comunicación, respectivamente.

O Consello tamén acordou os ceses de Álvaro Pérez López como secretario xeral da Presidencia e de Marcos Gómez Román como director xeral de Comunicación. O Goberno galego agradeceu os servizos prestados á Administración autonómica nos últimos anos.

Beatriz Cuiña Barja

Naceu en Vilagarcía de Arousa en 1967. É licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (1985-1990). Posúe tamén o título de funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia (1993).

En abril de 2009 foi designada secretaria xeral técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Ata o seu nomeamento, e desde setembro de 2007, ocupaba o posto de vicexerente da Universidade de Vigo no Campus de Ourense.

Ao longo da súa traxectoria profesional desempeñou diversos postos na Administración autonómica. Ocupou durante dous anos a vicesecretaría xeral da Consellería de Medio Ambiente e, durante máis de sete anos, foi a secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo. O inicio da súa carreira administrativa desenvolveuse no servizo xurídico da Consellería Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda onde ocupou, entre outros, o posto de xefa de sección de Recursos, Urbanismo e Vivenda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Emilio José de la Iglesia Lema

Nacido en 1983 en Noia, Emilio de la Iglesia é licenciado en Dereito e posee o Diploma de Estudos Avanzados en Dereito Tributario Europeo pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), na que ademais realizou tarefas de investigación.

Na súa traxectoria profesional ocupou varios postos na Administración autonómica. Desde 2013 desempeñou o cargo de subdirector xeral de Coordinación de Servizos Transversais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e tamén foi o coordinador de prevención das eleccións autonómicas do 12 de xullo de 2020.

Desde setembro de 2020 é xerente da Axencia de Turismo de Galicia.

Silvia Valdés Díaz de Freijo

Naceu na Coruña en 1975. É licenciada en Periodismo pola Universidade de Navarra e licenciada en Publicidade e Relacións Públicas polo mesmo centro. Posúe un posgraduado en Investigación de Mercados e Comportamento do Consumidor pola Universidade de Santiago de Compostela.

Xefa do gabinete da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Desde decembro de 2016. Anteriormente, xefa de comunicación da Consellería de Economía, Emprego e Industria desde outubro de 2015 e coordinadora de prensa da Consellería de Economía e Industria desde xullo de 2011.

Traballou como consultora de comunicación na axencia OCTO, entre os anos 2008 e 2011, e en Área de Comunicación, entre 2005 e 2008. Iniciou a súa traxectoria profesional en distintos medios de comunicación como La Voz de Galicia, La Opinión ou Telecoruña.

Jorge Pan Varea

Nado na Coruña en 1991, graduouse en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela. Está en posesión dos Premios de xornalismo Pérez Lugín 2015 e 2018.

En febreiro de 2013 comezou a traballar no diario ABC, primeiro como xornalista en prácticas na delegación de Galicia e posteriormente como redactor na Coruña.

En novembro de 2014 incorporouse ao gabinete de comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia.

Desde novembro de 2018 é xefe de comunicación e desde xuño de 2019 xefe de gabinete da Consellería de Política Social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ELENA MUÑOZ FONTERIZ SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Elena Muñoz Fonteriz como secretaria xeral técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Ademais, o Goberno galego acordou o cese de Juan José Martín Álvarez como director xeral de Xustiza, a quen agradece os servizos prestados á Administración autonómica nestes anos.

Elena Muñoz Fonteriz naceu no ano 1972. Está casada e con dous fillos. Licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Vigo, especialidade Economía Pública. Diploma de directivo. Corpo Superior da Administración Xeral. Escala Superior de Finanzas

Foi xefa de Servizo de Fiscalización e Contabilidade da Intervención Delegada da Consellería de Pesca, xefa de Servizo de Control Financeiro de Operacións Correntes e subdirectora xeral de Control Financeiro Ordinario na Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Entre 2012 e 2015 ocupou o cargo de conselleira de Facenda da Xunta de Galicia.

Desde 2015 ata 2019 foi concelleira no Concello de Vigo e deputada provincial na Deputación de Pontevedra.

En novembro de 2019 foi designada senadora polo Parlamento de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DECLARA BIC A PONTE MACEIRA SOBRE O RÍO TAMBRE, NO CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA

- Formalízase así a salvagarda desta infraestrutura histórica de enxeñaría que vertebrou a actividade comercial da Galicia interior desde a Idade Media
- Con este BIC son xa 776 os existentes en Galicia, 103 deles declarados desde a entrada en vigor da Lei do patrimonio cultural de 2016

O Consello da Xunta deu luz verde ao Decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC) na categoría de monumento A Ponte Maceira, sobre o río Tambre, situada entre os termos municipais de Ames e Negreira, na provincia da Coruña. Trátase dunha infraestrutura que vertebrou a actividade comercial desta contorna da Galicia interior desde a Idade Media e que hoxe en día forma parte do Camiño de Fisterra e Muxía.

Coa aprobación do decreto de declaración BIC, a Xunta completa o procedemento iniciado en 2017 tras a solicitude dos concellos de Ames e Negreira. Unha vez recompilada toda a documentación, en 2020 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta iniciou o expediente de declaración BIC, que agora se complete coas achegas recibidas no período de exposición pública.

A declaración BIC acorda incluír no Catálogo do patrimonio cultural unha relación de 30 bens do patrimonio etnolóxico, como hórreos, cruceiros ou muíños, entre outros, polo que están sometidas ao mesmo réxime de protección que o resto de inmobles que integran o conxunto.

Á hora de realizar o decreto de declaración BIC da Ponte Maceira, a Xunta solicitou o ditame dos órganos consultivos –Universidade de Santiago, Consello da Cultura Galega e Real Academia Galega de Belas Artes– sobre o valor cultural sobranceiro do inmovible, que resultaron favorables ao recoñecemento. Valórase, especialmente, a súa antigüidade, a súa influencia na configuración do territorio e a súa calidade construtiva e estado de conservación, ademais da documentación que demostra a súa autenticidade.

Nexo e límite territorial

A ponte actual foi construída entre o século XIII e o XIV polo poder eclesiástico de Santiago de Compostela, co fin de facilitar a comunicación cos portos de Fisterra e controlar o acceso e mercadoría, ademais de actuar como fronteira entre o poder eclesiástico dos Fonseca e os Conde de Traba. Con posterioridade, no século XVIII, José Cornide documenta a súa descrición e o seu precario estado de conservación e os orzamentos de urxencia para a súa reparación feitos polo arquitecto Juan López Freire.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta época a ponte presentaba un total de sete arcos, tres cara á parte da Barcala de feitura máis antiga, gótica; e catro máis modernos, de medio punto, cara a Altamira.

No ano 1792 documéntase a derruba e ruína que impediría o seu uso, e que permanecería neste estado ata a restauración xa comezado o século XIX. As vilas de Cee, Corcubión, Muxía, Moraima e Fisterra, e mesmo de Muros, solicitaran daquela a declaración do interese público da ponte e a eliminación de portádegos e de custos para os usuarios e beneficiarios na súa restauración, malia a vontade dalgún veciño de reconstruílo á súa custa, garantindo o dereito de cobramento para persoas, bestas e carros.

Despois dunha derruba parcial en 1987, a Xunta de Galicia realizou a súa restauración en varias fases entre 1991 e 2001, así como diversas obras de integración ambiental nos conxuntos. Nas mesmas data o Concello de Ames e o Concello de Negreira acometeron actuacións de conservación e mellora do conxunto, muíños, lavadoiros, pavimentos e espazo público, así como de instalacións de subministración.

Conserva a estrutura clásica

Hoxe en día A Ponte Maceira conserva a estrutura clásica das pontes medievais, cun longo perfil alombado cara ao centro, cun arco apuntado e dous arcos de medio punto a cada un dos lados, de entre 6 e 14 m de luz do arco central. No estribo esquerdo, no sentido das augas, existen dous arcos de carácter máis recente que teñen por obxecto facilitar o desaugadoiro. Os arcos están protexidos con potentes tallamares de perfil apuntado e remate graduado nos dous sentidos da corrente. A calzada ten un largo próximo aos 3 m sen que se destaquen rúas, rodeiras ou apartadoiros. As fábricas actuais serían o resultado da actuación restauradora do século XIX, que reforzaría a construción tras unha derruba.

Na actualidade a súa integración no ambiente é óptima, xa que os percorridos da calzada e dos peitorís se estenden cara ás beiras, con accesos aos muíños e ao leito de grandes bolos de granito naturais que no tempo de augas baixas poden ser empregados como zonas de baño. O conxunto de bens complementase de forma harmoniosa e o lugar da Ponte Maceira destaca no percorrido da ruta do Camiño de Fisterra e Muxía.

776 BIC

Estes BIC forman parte dos 103 bens declarados desde a entrada en vigor da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, que facilitou a protección do patrimonio cultural cun concepto máis amplo baseado tamén nas relacións territoriais e no patrimonio inmaterial.

Contando coa Ponte Maceira, hoxe Galicia ten 776 BIC, incluíndo entre as últimas incorporacións bens como a Biblioteca de Emilia Pardo Bazán, o microscopio naturalista

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de Antony Van Leewenhoek, a igrexa de Santa Cruz do Incio, o Colexio do Cardeal de Monforte e a igrexa de Atalaia de Laxe, entre outros. Ademais, o Goberno galego ten iniciados xa os trámites para outras declaracións BIC como a Casa Cornide ou o xacemento de Adro Vello.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APROBA O DECRETO DE CREACIÓN DA ESCOLA GALEGA DE SAÚDE PÚBLICA

- Configúrase como un instrumento de participación, intercambio de coñecementos e experiencias, e aprendizaxe compartida no eido da saúde pública
- Trátase dunha iniciativa prioritaria para o Goberno galego que busca levar a cabo un proceso continuo de innovación e actualización do coñecemento que dea resposta ás necesidades da sociedade ante os desafíos e perigos para a saúde e ante ameazas sanitarias globais
- O decreto aprobado hoxe tamén establece o marco normativo regulador das actividades da Escola Galega de Saúde Pública, que serán deseñadas pola Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe, aprobou o Decreto polo que se establece a creación e o marco normativo regulador das actividades da Escola Galega de Saúde Pública. Trátase dunha iniciativa prioritaria para o Goberno galego, que busca levar a cabo un proceso continuo de innovación e actualización do coñecemento que dea resposta ás necesidades da sociedade ante os desafíos e perigos para a saúde e ante ameazas sanitarias globais

A experiencia demostra que compartir as experiencias investigadoras dun xeito aberto, colaborativo e global facilita a transferencia de coñecemento e a consecución de resultados en saúde que benefician a sociedade no seu conxunto. Por iso, un dos retos que ten que afrontar a Administración sanitaria no futuro máis inmediato é construír un espazo de intercambio de información veraz, apoiado en redes de aprendizaxe e investigación áxiles e flexibles. Todo isto, mediante a utilización de estratexias innovadoras e que faciliten a captación de talento, no ámbito da formación e da investigación en materia de saúde pública.

Con este obxectivo nace a Escola Galega de Saúde Pública, que constituirá ese espazo de formación, de investigación e de transferencia de coñecemento no ámbito da saúde pública. Estará aberta a profesionais de diferentes colectivos, tanto públicos como privados, así como aos axentes sociais e á cidadanía que necesiten formación nesta materia, e que na actualidade non contan cun espazo específico de formación neste eido.

Ademais, favorecerá as investigacións desenvolvidas polos profesionais do Sistema público de saúde de Galicia e de diferentes organismos públicos e privados de distintos ámbitos, impulsando e formalizando as relacións con outros departamentos ou organizacións que teñen impacto na saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A pandemia da COVID puxo de manifesto para toda a sociedade que a importancia da formulación de políticas sanitarias sustentables, o coñecemento e sensibilización da poboación sobre a importancia da saúde, a planificación da actualización permanente da competencia profesional e o fomento da investigación son os eixes estratéxicos que permiten xestionar esta crise e ofrecer solucións de futuro que preveñan e resolvan as crises que poidan xurdir.

O outro pilar fundamental en que se ten que apoiar o desenvolvemento do coñecemento en saúde é a investigación, e para favorecerla é necesario crear unha contorna que contribúa a definir, fomentar e difundir actividades de I+D+i no ámbito de saúde pública.

Actividades que se van desenvolver

O decreto aprobado hoxe tamén establece o marco normativo regulador das actividades da Escola Galega de Saúde Pública e faculta a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade para aprobar mediante orde o réxime de organización e funcionamento da Escola Galega de Saúde Pública.

Entre estas actividades destaca o desenvolvemento de estratexias innovadoras de capacitación profesional e a identificación das necesidades de formación en saúde pública dos profesionais do sistema sanitario, persoal das administracións local e autonómica, persoal de entidades ou empresas, axentes sociais e cidadanía para o desenvolvemento das estratexias de saúde pública.

Ademais, establecerá un plan de formación para os profesionais de saúde pública das diferentes áreas, definirá e fomentará a investigación en saúde pública e creará un espazo de transferencia do coñecemento en materia de saúde pública, promovendo colaboracións coas universidades e con outras escolas ou entidades de formación e investigación, así como coas diferentes administracións, institucións, organismos, sociedades científicas ou empresas en relación coa formación e investigación en saúde pública.

En definitiva, coa creación desta Escola Galega de Saúde Pública a Xunta pretende contribuír a impulsar unha nova saúde pública que responda aos principios de intersectorialidade e que estea preparada para afrontar ameazas e actuar como bisagra na coordinación dos actores implicados, cun enfoque centrado na cidadanía, na equidade e na ganancia en saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REGULA AS CONDICIÓN S DAS FARMACIAS PARA SUBMINISTRAR MEDICAMENTOS AOS PACIENTES MEDIANTE SISTEMAS PERSONALIZADOS DE DOSIFICACIÓN

- Axudarán a preservar a seguridade na toma de medicamentos por parte dos doentes, evitando erros na posoloxía e facilitando aos facultativos o seguimento dos tratamentos, entre outras vantaxes
- O procedemento administrativo para que as farmacias poidan prestar este servizo simplifícase ao máximo, xa que basta con que fagan unha declaración responsable, sen necesidade de esperar a que se tramite unha autorización
- Desde a Consellería de Sanidade, quérese destacar a importancia das farmacias, como unha extensión do sistema sanitario, e así mesmo recoñecer o labor dos profesionais farmacéuticos, cun papel decisivo durante a pandemia
- Na actualidade a Consellería de Sanidade está a traballar na tramitación doutros catro decretos máis que desenvolven a Lei de ordenación farmacéutica de 2019

A xuntanza co Consello da Xunta autorizou esta mañá o Decreto polo que se regulan as condicións e os requisitos para a preparación e entrega de sistemas personalizados de dosificación de medicamentos nas oficinas de farmacia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste decreto, que desenvolve a Lei de ordenación farmacéutica de Galicia, aprobada en 2019, establécense as condicións e requisitos que deben cumprir as farmacias galegas para realizar, con suficientes garantías de calidade, o servizo de preparación en entrega de medicamentos mediante sistemas personalizados de dosificación (SPD). Ademais, grazas á propia Lei de ordenación farmacéutica, simplifícase ao máximo o procedemento administrativo, ao lles permitir ás oficinas de farmacia prestar este servizo mediante unha declaración responsable, sen necesidade de esperar a que se tramite unha autorización.

Os sistemas personalizados de dispensación, previstos nesta norma, permiten preservar a seguridade dos pacientes na toma de medicamentos, xa que lles facilitan a toma medicación; posibilitan un mellor seguimento dos ditos tratamentos por parte dos profesionais sanitarios, e axudan a identificar posibles erros nas pautas posolóxicas dos medicamentos, reducindo problemas como as interaccións ou as sobredosificacións.

Ademais, os SPD melloran a adherencia aos tratamentos con medicamentos xa instaurados, minimizando os erros na toma dos medicamentos por parte dos pacientes; tamén axudan a racionalizar o stock de medicamentos que se almacenan no domicilio e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a que os pacientes que viven sós nos seus domicilios poidan ter unha vida independente o maior tempo posible. Así mesmo, facilita o labor das persoas encargadas do coidado dos pacientes. En definitiva, os medicamentos preparados e entregados mediante os sistemas personalizados de dosificación permitirán mellorar a calidade de vida da cidadanía galega.

Este decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. As oficinas de farmacia que xa están realizando o servizo de preparación e entrega de sistemas personalizados de medicación terán seis meses para adecuarse ao establecido neste novo decreto.

Desde a Consellería de Sanidade quérese destacar a importancia das oficinas de farmacia como unha extensión do sistema sanitario e, así mesmo, recoñecer o labor dos profesionais farmacéuticos, claves na atención do cidadán e cun papel decisivo durante a pandemia con medidas como a repartición de máscaras á poboación máis vulnerable, a entrega de medicamentos a domicilio, a emisión dos certificados COVID ou o apoio no labor de vixilancia epidemiolóxica a través da colaboración na realización de cribados ou na integración nos rexistros do sistema público de saúde dos resultados dos autotests realizados na propia oficina de farmacia, baixo a supervisión do persoal farmacéutico.

Lei de ordenación farmacéutica de Galicia

A actual Lei de ordenación farmacéutica de Galicia está en vigor desde xullo de 2019, logo de ser aprobada sen votos en contra polo Parlamento de Galicia. Na actualidade é unha das máis modernas de España. Esta lexislación naceu co obxectivo de adaptarse aos numerosos cambios sociais ocorridos desde o ano 1999, data en que se aprobara a Lei anterior, e solucionar, de xeito eficaz, as necesidades e demandas dos usuarios e profesionais das farmacias.

Ademais do referido decreto dos SPD, xa aprobado definitivamente, a Consellería de Sanidade está a traballar na tramitación doutros catro decretos máis. Trátase do que regula os horarios, quendas de garda e vacacións das oficinas de farmacia; o que establece a planificación e os distintos procedementos de autorización en materia de oficinas de farmacia; o que regula a sinalización, información e publicidade ou actividade promocional das oficinas de farmacia; e, ademais, o referido á entrega informada de medicamentos e produtos sanitarios no domicilio, tamén moi relevante para a poboación de maior idade, con patoloxías crónicas e polimedicados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA AS ALDEAS MODELO DO SEIXO, NA GUDIÑA; CARZOÁ, EN CUALEDRO; COVELO, EN TABOADELA; FRANCOS DE PROENDOS, EN SOBER, E MOUTEIRA-PARADA, EN CERDEDO-COTOBADA

- O Consello do Goberno galego deulle hoxe o visto e prace á declaración de utilidade pública e de interese social das primeiras aldeas modelo aprobadas desde a entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria, co obxecto de axilizar a súa tramitación
- Entre todas elas, conseguirán pór en valor máis de 130 hectáreas arredor dos núcleos de poboación que buscan dinamizar, con case 1.400 parcelas implicadas de preto de 600 propietarios
- En total, actualmente hai 19 aldeas modelo declaradas en Galicia para recuperar preto de 525 hectáreas distribuídas en case 8.600 predios de preto de 2.200 titulares, co obxecto de xerar actividade económica que contribúa a fixar poboación e a avanzar na anticipación aos incendios

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á declaración de utilidade pública e de interese social das aldeas modelo do Seixo (A Gudiña), Carzoá (Cualedro), Covelo (Taboadela), Francos de Proendos (Sober) e Mouteira-Parada (Cerdedo-Cotobade). Trátase das primeiras cinco aldeas declaradas tras a entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e ás que, polo tanto, se lles aplicará esta novidade, que implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para a tramitación de urxencia do seu procedemento e dos informes ambientais e sectoriais respectivos.

Esta declaración de utilidade pública permitirá axilizar a posta en valor de máis de 130 hectáreas arredor dos núcleos de poboación que se busca dinamizar, con case 1.400 parcelas implicadas de preto de 600 propietarios. En concreto, a aldea modelo do Seixo abrangue 30,6 ha, 223 predios e 76 propietarios; a de Carzoá ten 53,68 ha, 389 parcelas e 215 titulares; a aldea de Covelo conta con 15,05 hectáreas, 223 parcelas e 109 propietarios; a de Francos de Proendos abarca 12,87 ha, 119 predios e 70 propietarios e, por último, a aldea modelo de Mouteira-Parada consta de 17,99 hectáreas, 427 parcelas e 109 titulares.

Tras estas declaracións de utilidade pública e interese social, o seguinte paso será aprobar os proxectos de ordenación produtiva, nos cales se delimitarán –entre outros aspectos– os usos máis idóneos para a explotación das parcelas incluídas nas aldeas modelo e as obras e infraestruturas necesarias para a súa posta en produción, así como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as operacións de limpeza para os predios que asuman o compromiso de adhesión ao Banco de Terras de Galicia.

De ser necesario, poderanse levar a cabo tamén traballos de investigación da titularidade daquelas parcelas das cales se ignore quen é o seu dono. Finalmente, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural –dependente da Consellería do Medio Rural– realizará a convocatoria dun procedemento de concorrencia competitiva para a selección de propostas de cara ao aproveitamento de parcelas incorporadas ás aldeas modelo.

Cómpre lembrar que as aldeas modelo son unha das principais figuras de posta en valor que recolle a Lei de recuperación da terra agraria, xunto cos polígonos agroforestais e as agrupacións de xestión conxunta. En total, actualmente hai 19 aldeas declaradas en Galicia, para recuperar preto de 525 hectáreas distribuídas en case 8.600 predios de preto de 2.200 titulares.

Mediante estes instrumentos perséguese avanzar na procura da recuperación da actividade económica e social dos terreos de antigo uso agrícola, gandeiro e forestal – particularmente daqueles que se encontran en situación de abandono e infrautilización–, así como dos núcleos incluídos neles. O obxectivo é fixar poboación e mellorar a calidade de vida nestas zonas, ao tempo que se aumenta a seguridade das persoas e dos seus bens ao exercer este aproveitamento das terras de devasa natural fronte aos incendios forestais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA O DESENVOLVEMENTO DUN CENTRO LOXÍSTICO QUE CONTRIBÚA AO CRECEMENTO ECONÓMICO DAS PONTES E Á XERACIÓN DE EMPREGO

- O Consello da Xunta acordou dar luz verde ao convenio de colaboración co Concello en que o Goberno galego achegará preto de 250.000 euros
- As instalacións localizaranse no parque empresarial Penapurreira e constarán de dúas naves e unha zona de oficinas cunha superficie de 2000 metros cadrados, así como báscula de pesaxe e áreas de carga e descarga de camións
- O proxecto, dentro do espírito do Pacto de Estado por Ferrol promovido desde Galicia, reflicte o compromiso da Xunta por revitalizar esta comarca pexada a nivel industrial pola falta de política enerxética do Goberno central

O Consello da Xunta deu luz verde, na súa reunión desta mañá, á sinatura dun convenio de colaboración ente o Goberno galego e o Concello das Pontes para impulsar a construción dun centro loxístico neste municipio que contribúa ao crecemento económico desta comarca da provincia coruñesa.

O proxecto, impulsado desde a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, contará cun investimento total de preto dun millón de euros, dos cales a Administración autonómica achegará o 25 %, ao redor de 250.000 euros. A infraestrutura localizarase nunha parcela de 9000 metros cadrados do parque empresarial Penapurreira e constará de dúas naves –unha para uso loxístico e outra para almacenaxe a granel–, así como unha zona de oficinas cunha superficie construída de 2000 metros cadrados. As instalacións completaranse cunha báscula de pesaxe de camións e áreas de manobra, carga e descarga.

Deste xeito, preténdense paliar os impactos negativos que neste concello ten o peche da central térmica aproveitando a oferta que na zona hai de empresas e autónomos con vehículos de mercadorías por estrada e que nos últimos tempos viron reducida a súa actividade. O centro loxístico será, ademais, unha oportunidade para o mantemento e a creación de emprego, así como para a revitalización a nivel económico da comarca.

O convenio enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia coa recuperación da actividade industrial en Ferrolterra, dentro do espírito do Pacto de Estado por Ferrol, Eume e Ortegal, unha folla de ruta presentada hai un ano que é froito do consenso entre todos os axentes en Galicia (administracións e entidades empresariais e sociais), pero na que falta por parte do Goberno central un compromiso claro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A proposta do Pacto de Estado recolle un cento de medidas para a recuperación empresarial e laboral; o reforzo das empresas tractoras da comarca; a modernización e mellora competitiva dos sectores estratéxicos; a diversificación; o desenvolvemento das cadeas de valor; a xeración de innovación e coñecemento; a competitividade territorial; e a consolidación dos servizos públicos.

Mentres o Goberno central segue sen aclarar a súa postura nin ofrece alternativas de futuro aos traballadores da central térmica e da industria auxiliar e aos profesionais de sectores directamente afectados polo futuro peche como os transportistas, a Xunta de Galicia xa investiu o pasado ano máis de 80 millóns de euros en medidas recollidas no Pacto de Estado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PRETO DE 6.500 NENOS E NENAS DE 240 CONCELLOS GOZARÁN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS COMO MEDIDA DE APOIO Á CORRESPONSABILIDADE

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dos convenios con 18 federacións deportivas galegas, así como o 50 % do pagamento anticipado, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables, froito da colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte, por importe de 2.539.356 euros

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dos convenios con 18 federacións deportivas galegas, así como o 50 % do pagamento anticipado, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables, froito da colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte, por importe de 2.539.356 euros

O devandito plan promove a realización de actividades de animación sociodeportiva habilitando servizos de coidado profesional de nenas, nenos e a mocidade de ata 16 anos inclusive, que poidan prestarse en dependencias públicas habilitadas para o efecto. Estas actividades levaranse a cabo a través dos distintos programas deportivos de 18 federacións deportivas galegas na anualidade 2022, para mellorar a vida cotiá das familias equilibrando o tempo laboral, familiar e persoal.

As 18 federacións que contan cun proxecto ao abeiro do Programa Corresponsables son Baloncesto (81.215 euros), Balonmán (666.364 euros), Bolos (23.204 euros), Boxeo (193.956 euros), Esgrima (58.011 euros), Fútbol (23.204 euros), Halterofilia (34.807 euros), Hóckey (34.807 euros), Loita (174.033 euros), Montañismo (56.370 euros), Piragüismo (160.790 euros), Salvamento e Socorrismo (116.022 euros), Squash (46.409 euros), Surf (24.845 euros), Taekwondo (24.845 euros), Tenis (682.888 euros), Triatlón e Péntatlon Moderno (21.564 euros) e Vela (116.022 euros).

Grazas a estes convenios, que apoian a conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de ata 16 anos, como parte dos sistemas de protección social, preto de 6.500 nenos e nenas de 240 concellos se verán beneficiados da práctica da actividade física.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E AECT COLABORAN NA PROMOCIÓN, DINAMIZACIÓN E DIFUSIÓN DO TURISMO NA EUROREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

- O obxectivo é potenciar e racionalizar os equipamentos básicos transfronteirizos e aumentar a cohesión social e institucional da Eurorrexión
- A Xunta incide na necesidade de intensificar a cooperación transfronteiriza de proximidade no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura do Convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a AECT para a promoción, dinamización, difusión e coordinación da Estratexia de turismo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal por importe de 212.000 euros.

A Xunta incide na necesidade de intensificar a cooperación transfronteiriza de proximidade no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e o obxectivo deste convenio é promover e valorizar a competitividade do tecido empresarial a través do coñecemento e da innovación, potenciar e racionalizar os equipamentos básicos transfronteirizos e aumentar a cohesión social e institucional da Eurorrexión.

Nesta liña, Turismo de Galicia ten entre as súas premisas a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora da competitividade das empresas turísticas e a mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional, e a AECT ten como obxectivo facilitar e fomentar a cooperación territorial entre os seus membros, a Xunta de Galicia e a CCDR-N, e desenvolver e proporcionar colaboracións, creando así vínculos de unión, e neste caso, no relacionado co turismo.

O convenio pretende tamén unha adecuada divulgación entre a poboación do Ano Santo Xacobeo que constitúe para Galicia unha oportunidade de potenciación, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

Ademais, a AECT da Eurorrexión seguirá a colaborar na promoción e difusión dos Camiños de Santiago en Portugal coa Dirección de Turismo do Norte Luso e a de Galicia, co obxectivo de presentar as bases para o plan director das rutas xacobeas portuguesas a Compostela e coordinar un estudo sobre o impacto dos camiños portugueses a Santiago.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A AECT da Eurorrexión ten como finalidade principal facilitar e fomentar a cooperación territorial e institucional para axudar a eliminar as barreiras físicas e burocráticas e contribuír a mitigar as fronteiras co funcionamento dunha Eurorrexión transfronteiriza efectiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA COMO FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA O ASALTO DO CASTELO DE VIMIANZO, AS FESTAS DAS SOPAS DE BURRO CANSO, A FESTA DA BICA DE TRIVES E A DO PERCEBE DE AGUIÑO

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo para a súa declaración recoñecendo en todas elas o valor da súa singularidade, tradición e antigüidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia o Asalto ao Castelo (Vimianzo), a Festa do Percebe (Aguiño, Ribeira), a Festa das Sopas de Burro Canso (Muíños) e a Festa da Bica (Pobra de Trives).

Unha vez examinadas as solicitudes presentadas e tras os trámites preceptivos, emítese informe favorable ao cumpriren os requisitos exixidos, como a singularidade, o valor cultural, o arraigamento da festa, a creatividade e innovación no desenvolvemento do evento, o nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e para a recepción de visitantes, a afluencia de visitantes ou o adecuado coidado das contornas urbanas, monumentais ou paisaxísticas onde se desenvolve.

O Asalto ao Castelo de Vimianzo ten lugar o primeiro sábado de xullo desde 1996. Impulsada por colectivos sen ánimo de lucro a celebración inclúe un alto valor cultural e multitude de actividades vencelladas coa arqueoloxía, a gastronomía ou a cultura do municipio, sobre todo no que atinxe á pegada rupestre e medieval.

A Festa do Percebe de Aguiño, en Ribeira, ten lugar a primeira fin de semana de agosto. Celébrase desde hai 22 anos e ten o percebe e as súas diferentes elaboracións como protagonista dunha celebración que xira arredor deste recurso, principal fonte de riqueza do municipio. Trátase da cita de exaltación gastronómica máis importante deste concello e con esta distinción recoñécese o traballo que xira arredor da recolla do percebe, un oficio artesanal único.

A primeiro fin de semana de agosto tamén é a cita para a celebración da Festa das Sopas de Burro Canso, en Muíños, na provincia de Ourense. A valorización da tradición labrega e o mantemento da tradición veciñal desta festa na capital do Concello, en Mugueimes, é o principal valor desta celebración que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido desde 1990.

Finalmente, tamén na provincia de Ourense, incorpórase a Festa da Bica de Trives, que xa leva celebrándose ininterrompidamente desde hai case medio século (1972). A

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xuntanza da veciñanza de Trives no cumio de Manzaneda na última fin de semana de xullo ten a bica como elemento central e emblema gastronómico da comarca. Trátase dun produto gastronómico típico das terras de Trives, profundamente identificado con este territorio que, da man da celebración, se conforma como parte importante da identidade territorial do municipio e da comarca.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 10 MILLÓNS DE EUROS A UN ACORDO MARCO PARA A RENOVACIÓN E MANTEMENTO DA CABLAXE DA REDE CORPORATIVA DIXITAL

- O Consello aproba o acordo marco que permitirá a subministración sucesiva do material necesario para configurar o sistema de cablaxe estruturada en todos os centros da Xunta de Galicia
- Esta actuación permitirá facer fronte ao crecemento exponencial do uso das tecnoloxías nos 2.750 centros administrativos, así como ao continuo incremento de equipos
- A cablaxe estruturada da rede multiservizo de voz, datos e vídeo soporta o funcionamento de todos os servizos de Administración electrónica prestados pola Xunta

O Consello de Goberno de Galicia aprobou hoxe a contratación mediante acordo marco da subministración sucesiva do material necesario para a configuración do sistema de cablaxe estruturada nos 2.750 centros da Rede corporativa da Xunta.

Esta acordo marco permitirá facer fronte ao crecemento exponencial no uso das tecnoloxías dixitais nos centros administrativos, así como o continuo incremento de postos informáticos, impresoras, teléfonos, etc., que requiren de conexión á rede.

A Xunta dispón dunha rede multiservizo que integra voz, datos e vídeo nas súas principais dependencias. Os servizos de administración electrónica prestados pola Xunta funcionan grazas ás comunicación que proporciona esta rede, así como os sistemas de cablaxe estruturada son unha parte fundamental, xa que constitúen o medio físico polo cal se transmite a información.

A través dos contratos derivados afrontárase actuacións de cablaxe para os sistemas de interconexión con provedores, así como os sistemas internos entre edificios, os dos propios edificios e a cablaxe horizontal entre os repartidores e os puntos terminais.

O acordo marco permitirá a selección dos provedores, a fixación dos prezos e o establecemento das bases que rexerán os contratos derivados para a subministración do material necesario. É a continuación do acordo marco formalizado en xaneiro de 2021 co mesmo obxecto e cuxo orzamento está xa practicamente esgotado.

Acordos marcos para a transformación dixital

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde comezos de 2021 a Xunta de Galicia convocou máis de 16 acordos marco relacionados co proceso de transformación dixital, que suman uns importes estimados duns 180 millóns de euros.

Este instrumento de contratación foi adoptado para contratos relacionados con equipamentos, infraestruturas, plataformas ou ciberseguridade, entre outros. E está previsto para outros aspectos, como o avance na automatización da Administración ou os servizos *cloud*. Os acordos marco son un dos instrumentos impulsados pola Xunta de Galicia para axilizar a contratación pública para a execución dos fondos dos plans de recuperación e resiliencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA UNHA LIÑA DE AXUDAS CON 4,3 MILLÓNS DE EUROS, PROCEDENTES DOS FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA, PARA DOTAR DE CONEXIÓN ULTRARRÁPIDA ÁREAS INDUSTRIAIS E CENTROS LOXÍSTICOS

- É unha das medidas predefinidas polo Goberno de España no marco do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea para a mellora da conectividade
- As outras tres actuacións previstas son o reforzo da conectividade en centros públicos, a mellora de infraestruturas de telecomunicación en edificios e axudas a colectivos vulnerables durante un ano
- Esta actuación complementarás xa realizadas pola Xunta, que permitiron dotar de cobertura de 350 Mbps o 93 % da superficie empresarial ocupada, e as liñas de axudas para empresas illadas e autónomas, cuxa terceira convocatoria se publicou este ano cun importe de 880.000 euros

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a convocatoria dunha subvención para o reforzo da conectividade en áreas de concentración empresariais e centros loxísticos de Galicia. Trátase dunha liña de axudas a operadores por importe de 4,3 millóns de euros para o período 2022-2023, que forman parte dos fondos que o Goberno de España transfere a Galicia no marco do compoñente 15 Galicia, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea.

Os operadores interesados poderán presentar un ou varios proxectos e terán unha intensidade de subvención do 80 %. O obxectivo desta medida serán 68 ámbitos dos 158 previamente identificados pola Xunta de Galicia en colaboración cos concellos, ao non poderse actuar nos restantes 90, segundo a listaxe definitiva de zonas elixibles para axudas de banda larga publicada polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Este é unha das catro medidas predefinidas polo Goberno de España para a mellora da conectividade no territorio, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a través do cal Galicia recibirá 19,1 millóns de euros para reforzar a conectividade en áreas empresariais e centros loxísticos; a mellora da conectividade en centros públicos; a mellora das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios, e axudas de 240 euros a colectivos vulnerables para a contratación de servizos de banda larga durante 1 ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta medida complementará as actuacións da Xunta neste ámbito, que grazas ao Plan de banda larga 2020 completou a dotación de redes de ata 350Mbps no 93 % da superficie empresarial ocupada e facilitou o acceso a redes ultrarrápidas a empresas illadas e autónomos con tres liñas de axudas, a última lanzada este ano cun importe de 880.000 euros.

En total o Estado destinará ás comunidades un 9 % dos máis de 4.000 millóns de euros do plan. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital resérvase, polo tanto, o 91 % dos fondos para resolver os problemas de conectividade fixa e sen fíos en todos os territorios e cumprir cos obxectivos que marca Europa. Entre eses obxectivos está o de que o 100 % das poboación teña acceso a banda larga de polo menos 100 Mbps.

A pesar das limitacións nas actuacións definidas, a Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, está a dirixirse a todos os concellos da nosa comunidade para colaborar na identificación de centros públicos e áreas empresariais susceptibles de beneficiarse destes fondos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE 2,39 MILLÓNS DE EUROS

- A asignación mantense estable con respecto ao ano pasado
- A Xunta contribúe así ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do Estatuto de capitalidade desta cidade. A cantidade que a Xunta achegará ao Concello para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma e sede das institucións autonómicas ascende a 2.392.425 euros, a mesma cantidade que no pasado ano 2021.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade da cidade.

Neste marco, realizárase unha xustificación do financiamento, que consistirá na certificación, da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido na Lei 4/2002, e de que estes foron destinados a financiar os gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade, que ademais será o encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento do convenio aprobado hoxe.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do Concello motivados por este estatuto de capitalidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DA CRTVG PARA 2022 CUN TOTAL DE 270 PRAZAS

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria da Oferta Pública de Emprego da Corporación de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) de 2022 cun total de 270 prazas.

Serán 255 prazas de estabilización, que se convocarán por concurso, e 15 prazas correspondentes ás taxas de reposición de 2021 e 2022. Estas últimas cubriranse por concurso-oposición.

Trátase dunha OPE adicional de estabilización e da modificación da de 2021 para adaptala ás disposicións de persoal contempladas na nova Lei 20/2021 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. O Consello da Xunta aprobou esta convocatoria en base á disposición adicional da Lei 17/2021 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PANTÓN PARA DOTAR DE ABASTECIMENTO OS NÚCLEOS DE CASTILLÓN, SAN VICENTE DE CASTILLÓN E SANTO ESTEVO DO MATO CUN INVESTIMENTO DE 650.000 €

- Executarase unha nova captación de auga potable, novo depósito e nova rede de distribución, co obxecto de levar a cabo unha nova rede municipal de abastecemento a estes tres núcleos do municipio
- A Xunta achegará 520.000 euros e executará as obras mentres que o Concello de Pantón contribuirá coa cantidade restante, preto de 130.000 €
- Unha vez que se conte coa documentación municipal preceptiva, Augas de Galicia poderá licitar os traballos, que teñen un prazo de execución de 6 meses
- Trátase de que as vivendas que actualmente se abastecen mediante captacións subterráneas particulares dispoñan dun servizo municipal adecuado que garanta a seguridade nas instalacións ao tempo que cumpra a normativa de aplicación vixente
- O Goberno galego segue prestando apoio técnico e financeiro aos concellos nas súas responsabilidades municipais de saneamento e depuración

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Pantón para dotar de sistema de abastecemento de auga potable os núcleos de Castillón (Santiago), San Vicente de Castillón e Santo Estevo do Mato cun investimento de 650.000 euros.

A través desta cooperación impúlsase a execución dunha nova captación, novo depósito e nova rede de distribución, co obxecto de levar a cabo unha nova rede municipal de abastecemento a estes tres núcleos do municipio lucense.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, achegará 520.000 euros. O Concello de Pantón contribuirá ao financiamento restante, destinando preto de 130.000 euros.

Augas de Galicia tamén levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, a entidade local asume tamén a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración, e tras a sinatura do convenio, procederase á consecución da documentación municipal preceptiva: a posta á disposición de terreos, aprobación municipal no Pleno e trámite de información pública.

Tras isto, a Xunta poderá licitar as obras, que prevé no segundo semestre deste ano. Os traballos contan cun prazo de execución de seis meses.

Esta intervención será financiada pola Unión Europea, no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID-19.

O detalle da actuación

Con esta actuación preténdese dotar de rede de abastecemento municipal os tres núcleos de poboación de Castillón (Santiago), San Vicente de Castillón e Santo Estevo do Mato, que actualmente non dispoñen de rede municipal de abastecemento de auga potable. As vivendas abastécense mediante captacións subterráneas particulares, polo que non existen garantías sobre a calidade das augas consumidas pola poboación.

O conxunto das actuación acordadas permitiránlle ao Concello de Pantón dispor de rede principal e de rede de distribución interior de abastecemento aos tres núcleos, proporcionar un servizo municipal adecuado e garantir a seguridade nas instalacións, cumprindo a normativa de aplicación vixente.

O proxecto redactado por Augas de Galicia, en apoio ás competencias municipais de saneamento e abastecemento, céntrase en acometer as actuacións necesarias para abastecer as vivendas desta zona de Pantón.

Os traballos principais para acadar este obxectivo consistirán na realización da captación de auga, a execución dun depósito e unha rede de distribución desde o depósito proxectado, que inclúe a montaxe de equipamento de presión e a instalación eléctrica asociada.

Máis en detalle, levarase a cabo unha captación mediante unha sondaxe e bomba no fondo, que se alimentará desde o cadro de bombeo nas proximidades.

Proxéctase, ademais, unha rede de abastecemento con tubaxe de polietileno de alta densidade. Incluirase unha parte da rede en presión nas zonas da instalación en que a presión non é suficiente por gravidade. O resto da rede será por gravidade.

Tamén se construírá un depósito superficial de 100 m³ útiles e a instalación dun grupo de presión adxacente ao depósito proxectado, equipado con dúas bombas, con caudal

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

variable a presión constante, con variador no cadro eléctrico de grupo de presión. Finalmente, realizarase a conexión eléctrica coa rede existente do bombeo e do grupo de presión, así como de todos os elementos da instalación proxectada.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes poidan prestar de xeito eficaz as súas responsabilidades nos servizos municipais de saneamento, depuración e abastecemento e continuar mellorando a calidade de vida da poboación no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,4 M€ PARA MANTER ACTIVA A COOPERACIÓN COS CONCELLOS DE CAMBADOS E VILANOVA DE AROUSA NA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA MUNICIPAL

- O Executivo autonómico mantén o apoio ás entidades locais nas súas competencias, garantindo o funcionamento da depuradora de Cambados ata o 31 de decembro de 2023
- A Xunta leva destinados desde 2005 máis de 11,7 M€ á xestión desta planta de tratamento das augas residuais municipais
- Coa autorización de hoxe, Augas de Galicia seguirá asumindo o funcionamento destas instalacións, deseñadas no seu conxunto cunha capacidade de depuración para unha poboación de máis de 40.000 habitantes
- A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade municipal, pero a Xunta proporciónalles o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen, encargándose actualmente da xestión de 28 depuradoras
- O Goberno galego impulsa a Lei do ciclo integral da auga, en trámite parlamentario e que se prevé que entre en vigor no verán, pondo á disposición dos concellos ferramentas para profesionalizar os servizos e un sistema voluntario para unha xestión de calidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de máis de 1,4 millóns de euros para dar continuidade á cooperación cos concellos de Cambados e Vilanova de Arousa na xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais situada no municipio de Cambados.

Con aprobación deste acordo, o Executivo autonómico mantén o seu apoio ás entidades locais nas súas competencias de saneamento e abastecemento, e autorízalle á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a prorroga do servizo que garante o funcionamento da depuradora municipal.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, ten asumido o servizo de mantemento da estación depuración que serve os concellos de Vilanova e Cambados desde o ano 2005 mediante un contrato de xestión e explotación da depuradora en que o Goberno galego leva investidos máis de 11,7 millóns de euros.

Coa autorización de hoxe, a Xunta renova esta concesión ata o 31 de decembro de 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxecto do contrato

A depuradora de Cambados está deseñada para o tratamento dun caudal medio de 12.000 m³/día e unha capacidade de depuración estimada para unha poboación de 40.000 habitantes equivalentes.

A cooperación da Xunta cos concellos de Cambados e de Vilanova de Arousa permite a mellora da calidade de vida das poboacións asentadas ao redor das rías, o aumento da competitividade económica e o fomento do turismo, así como a mellora da produtividade no sector marisqueiro.

A explotación e o mantemento das infraestruturas hidráulicas teñen como obxectivos garantir a correcta depuración das augas residuais e ofrecer uns servizos que respondan ás necesidades reais da poboación.

Estas tarefas comprenden as accións necesarias para o funcionamento axeitado das instalacións de forma ininterrompida co fin de acadar uns índices de depuración que cumpran os límites establecidos na normativa de aplicación.

Os traballos inclúen a retirada nas debidas condicións hixiénicas, o transporte e a vertedura de graxas, areas e residuos das reixas e tamicas, o desecado dos lodos producidos e a conservación en bo estado da totalidade dos elementos, instalacións e equipamentos da planta.

A prestación dos servizos de saneamento e abastecemento é unha responsabilidade de carácter municipal. Non obstante, a Xunta de Galicia vén proporcionando o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o precisen.

Na actualidade o organismo hidráulico da Xunta encárgase de prestar estes servizos de depuración en 28 estacións depuradoras de augas residuais.

O Goberno galego impulsou a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga, agora mesmo en trámite parlamentario e que se prevé que entre en vigor no verán. A través desta lei, a Xunta porá á disposición dos concellos ferramentas para profesionalizar os servizos da auga e un sistema voluntario para garantir unha xestión de calidade, respondendo ás carencias derivadas das dificultades técnicas e financeiras que teñen moitos municipios na xestión da auga.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na seguinte imaxe amósanse as instalacións da depuradora de Cambados:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO PLAN HIDROLÓXICO DE GALICIA-COSTA CON 212 MEDIDAS E UN INVESTIMENTO DE 1.885 M€ ATA 2027 PARA A MELLORA DA CALIDADE DAS AUGAS

- A Xunta culmina a tramitación desta folla de ruta para os vindeiros 6 anos, converténdose en pioneira en aprobar o seu plan de bacía con avaliación ambiental estratéxica, que agora será remitido ao Estado para a súa aprobación definitiva
- O novo Plan confórmase ao redor dun total de 212 medidas dirixidas a afondar na mellora da calidade das augas, nun contexto marcado polo cambio climático, e incorpora novidades normativas na procura do uso máis eficiente da auga
- O maior peso deste investimento destinarase ao saneamento e á depuración, que absorberán 973 M€, e é igualmente moi relevante o dirixido ao abastecemento, con máis de 560 M€
- A participación maioritaria será da Xunta, xa que 110 das 212 actuacións previstas disporán de financiamento autonómico, 605 M€, máis do 63 % do total
- O ámbito territorial do plan abrangue unha superficie total de 16.294 km², 12.991 km² continentais, que supoñen o 44 % do territorio galego e concentra máis de 2 millóns de habitantes, o 75,4 % da poboación da comunidade
- Amplíanse as accións de prevención ante os efectos do cambio climático e os fenómenos extremos, e incide na regulación das actividades industriais ou agrícolas compatible coa protección dos ríos, rías, augas subterráneas e ecosistemas
- O plan recolle como segundo uso prioritario da auga, tras o abastecemento á poboación, a súa utilización para unha transición enerxética xusta nos proxectos afectados por peches de centrais térmicas como as das Pontes e de Meirama
- Destaca a transparencia e o fomento da participación, e o documento final do novo Plan hidrolóxico de Galicia-Costa incorpora o 58 % das achegas recibidas

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace ao novo Plan hidrolóxico de Galicia-Costa 2021-2027, que recolle 212 medidas e un investimento de 1.885 millóns de euros para a mellora da calidade das augas.

A Xunta culmina así a tramitación desta folla de ruta para os vindeiros 6 anos, polo que se converte en pioneira en aprobar o seu plan de bacía con avaliación ambiental estratéxica. Agora, remitiráselle ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para que, logo do informe preceptivo do Consello Nacional da Auga, sexa ratificado posteriormente polo Consello de Ministros mediante real decreto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo Plan hidrolóxico marca a folia de ruta para os vindeiros 6 anos da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, que comprende as bacías de todos os ríos que nacen e morren en Galicia e as augas de transición e costeiras asociadas. O ámbito territorial do plan abrangue unha superficie total de 16.294 km², 12.991 km² continentais, que supoñen o 44 % do territorio galego e concentra máis de 2 millóns de habitantes, o que supón o 75,4 % da poboación da Comunidade.

O novo Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa recolle un total de 212 medidas e un investimento global de 1.885 millóns de euros que deben desenvolver as distintas administracións, tendo en conta os máis de 900 millóns de euros necesarios para garantir o funcionamento das infraestruturas hidráulicas.

O documento aprobado hoxe polo Executivo autonómico confórmase a través dunha batería de medidas destinadas a afondar na mellora da calidade das augas da demarcación hidrográfica, nun contexto marcado polo cambio climático.

A evolución do estado das masas de auga no ciclo 2021-2027 é positiva con respecto ao 2015, tanto en relación co estado das rías e dos ríos como no nivel de implicación das administracións e de concienciación social. Deste xeito, o novo plan determina que practicamente o 80 % das masas de auga da bacía se atopa en bo estado, mellorando a situación de partida, e fíxase como meta deste novo ciclo hidrolóxico lograr que o 100 % das masas de auga de Galicia-Costa acaden o bo estado.

Para acadar ese obxectivo, o maior peso do investimento do novo plan hidrolóxico destinarase ao saneamento e á depuración, pola súa incidencia determinante na calidade das augas, que absorberá 973 M€. Igualmente será moi relevante o esforzo investidor dirixido ao abastecemento, con máis de 560 M€.

No impulso asociado á batería de medidas recollidas no novo plan destaca a participación maioritaria da Xunta, onde 110 das 212 actuacións previstas disporán de financiamento autonómico, cun investimento de 605 M€, é dicir, máis do 63 % do total recollido.

No Plan hidrolóxico súmanse ao esforzo en saneamento, depuración e abastecemento as iniciativas para a xestión do dominio público hidráulico e a rexeneración fluvial, para a prevención dos efectos do cambio climático e para afrontar fenómenos extremos.

Como unha ferramenta máis para acadar os obxectivos marcados na planificación hidrolóxica, o novo plan recolle medidas que permitirán mellorar a regulación das

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

diferentes actividades, industriais, agrícolas, etc., e para garantir o desenvolvemento compatible coa preservación dos valores naturais dos ríos, das rías, das augas subterráneas e dos ecosistemas.

O novo plan hidrolóxico introduce tamén novidades relevantes orientadas á protección dos ecosistemas hídricos, entre as cales figura a normativa para procurar un emprego máis eficiente da auga, prohibindo, con carácter xeral, todo uso que supoña malgastala. Entre as medidas inclúense a promoción de campañas de concienciación social para evitar un uso abusivo da auga, especialmente nas regas, e a promoción do aforro.

Tamén, como novidade, o plan recolle como segundo uso prioritario da auga, tras o abastecemento á poboación, o seu uso para unha transición enerxética xusta, para proxectos que estean afectados por peches de térmicas, como é o caso das Pontes e de Meirama.

Participación pública

A Xunta aproba o Plan hidrolóxico de Galicia-Costa 2021-2027 tras un proceso de análise completa iniciada no ano 2018, priorizando a participación pública na súa elaboración co obxecto de acadar os obxectivos ambientais establecidos na Directiva marco da auga, que se resumen no logro do bo estado das masas da auga.

Na elaboración do borrador do plan foron cumpríndose as fases obrigadas da planificación hidrolóxica e o plan está integrado por un conxunto de documentos, entre os cales destacan: descrición xeral da demarcación, de usos, demandas e presións, restricións, prioridades de usos e asignación de recursos, identificación das zonas protexidas, programas de control e valoración de estado das masas de auga, obxectivos ambientais, programa de medidas, normativa e participación pública.

Respecto a esta última, destacan as actividades de participación pública de divulgación dos contidos do Plan hidrolóxico e a sensibilización, en xeral, sobre a importancia da protección dos recursos hídricos e o papel da Administración hidráulica. O obxectivo destas actividades foi o achegamento á cidadanía e a súa implicación na xestión da auga e a conservación dos ecosistemas. Así, leváronse a cabo distintas actividades de participación activa, como a realización de 3 webinars e de 4 talleres presenciais, en conxunto co Plan de xestión do risco de inundación, que permitiron debater en profundidade os contidos máis salientables do Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, e chegar a uns contidos definitivos o máis consensuados posibles.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todas as suxestións presentadas foron valoradas individualmente e incorporáronse ao Plan hidrolóxico de Galicia-Costa o 58 % das achegas recibidas, que foron parcial ou completamente incluídas no documento final aprobado hoxe polo Goberno galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE VIGO REALIZARÁN UNHA ANÁLISE PILOTO DO IMPACTO DA ACTIVIDADE AGROFORESTAL SOBRE O ECOSISTEMA DE RÍOS E RIBEIRAS NA DEMARCACIÓN GALICIA-COSTA

- A colaboración entre ambas as institucións suporá un investimento da Xunta de 121.000 euros
- Trátase de realizar un diagnóstico para establecer medidas de mitigación específicas que redunden nunha mellor protección dos sistemas fluviais
- Realizarase un estudo de prácticas agroforestais con traballos de campo e enquisas e analizarase o efecto da intensificación destas actividades no estado ecolóxico e nos ecosistemas fluviais nunha zona piloto
- Elaboraranse protocolos de actuación agroforestal e unha guía de boas prácticas de cara a minimizar a presión destas actividades sobre os ecosistemas
- O acordo enmárcase no traballo de desenvolvemento dun sistema integral de información hidrolóxica para unha xestión avanzada dos recursos hídricos, no marco do proxecto Innovaugas 4.0, unha iniciativa da Xunta dotada dun orzamento de 7 M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Universidade de Vigo para a análise piloto do efecto da presión da actividade agroforestal sobre o ecosistema de ríos e ribeiras da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. O obxectivo é desenvolver un estudo piloto da influencia desta actividade nos ecosistemas fluviais da bacía de competencia autonómica.

O convenio autorizado hoxe suporá un investimento autonómico de 121.000 euros e terá vixencia desde o día seguinte da súa sinatura e ata o 31 de marzo de 2023. Os traballos serán cofinanciados pola Unión Europea, no marco do programa operativo Feder plurirrexional de España 2014-2020.

Os impactos derivados da actividade agroforestal poden afectar de forma significativa o estado ecolóxico dos ríos, influíndo sobre a mobilización de sedimentos, nutrientes e contaminantes, poden exceder a resiliencia destes ecosistemas e provocar o desprazamento das condicións alteradas augas abaixo, comprometendo a calidade e cantidade dos recursos hídricos.

Dada a extensión dos usos agroforestais na paisaxe galega, é imprescindible asegurar a protección da integridade do ecosistema ribeira-río para o cumprimento dos obxectivos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ambientais da Directiva marco da auga, xa que todas as masas de auga deben alcanzar un bo estado ecolóxico.

Mediante o convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta cuantificaranse os impactos causados pola actividade agroforestal nos ríos galegos e a súa acumulación e propagación augas abaixo. Desta forma poderase avaliar o rol que desempeñan as zonas de amortecemento de ribeira con diferentes configuracións no mantemento e conservación da biodiversidade e o bo estado ecolóxico e, a partir de aí, formular medidas de mitigación específicas que redunden nunha mellor protección dos sistemas fluviais galegos.

Propónse un traballo conxunto entre os técnicos de Augas de Galicia, que achegarán o seu coñecemento e experiencia no impacto da presión agroforestal sobre as masas de auga, e os técnicos da Universidade de Vigo, que proporán novas liñas de traballo para dar resposta a estas necesidades, integrando as novas tecnoloxías e a experiencia da Administración hidráulica da Xunta de Galicia.

O obxectivo deste convenio é realizar unha avaliación do impacto de cambio en ribeiras debido á actividade agroforestal para analizar a influencia desta actividade sobre o ecosistema ribeira-río. As análises realizaranse nunha zona piloto, co fin de poder extrapolar os resultados a outras zonas de Galicia.

Para iso, desenvolverase un estudo de prácticas agroforestais co desenvolvemento de traballo de campo e enquisas, ademais de análise de gabinete.

Posteriormente, analizarase o efecto da intensificación agroforestal no estado ecolóxico a través da definición de gradientes, análise de laboratorio e avaliación do impacto da intensificación nos ecosistemas fluviais.

En último lugar elaboraranse protocolos de actuación e unha guía de boas prácticas para as actividades agroforestais en Galicia.

Marco do convenio

Este convenio enmárcase no programa Innovaugas 4.0, iniciativa impulsada pola Xunta para abordar as principais problemáticas ás cales se enfronta a entidade dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, como xestor de recursos hídricos da bacía de competencia autonómica. O proxecto Innovaugas 4.0 conta cun orzamento de 7 M€ e está cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) a través do Programa operativo plurirexional de España (POPE) 2014-2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis en concreto, o obxectivo deste novo convenio céntrase no ámbito de actuación do reto 1 do proxecto Innovaugas 4.0, que impulsa o desenvolvemento dun sistema integral de información hidrolóxica para unha xestión avanzada dos recursos hídricos.

Neste eido, Augas de Galicia licitou o pasado mes de marzo un contrato para o desenvolvemento dunha solución tecnolóxica que ampliará o coñecemento das bacías hidrográficas a partir da xestión de datos como as predicións de precipitacións, de temperaturas ou as análises da calidade das masas de auga.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA IGREXA PARA IMPULSAR A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO ECLESIAÍSTICO

O Consello autoriza un convenio coas dioceses cun investimento global de 200.000 € para sufragar intervencións en distintas igrexas parroquiais

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo convenio coas dioceses galegas con que a Xunta garantizará a conservación, mantemento e rehabilitación de distintos bens patrimoniais eclesiásticos. En concreto, contribuirase a sufragar as intervencións que se fagan nas igrexas parroquiais cun investimento global de 200.000 euros.

O importe da subvención distribuirase entre as actuacións previstas en cada diocese nunhas porcentaxes calculadas en proporción ao número de parroquias pertencentes a cada unha delas. Así, a de Lugo recibe 49.200 euros, a de Santiago 43.000 euros, a de Ourense 37.800 euros, a de Mondoñedo-Ferrol 31.600 euros, a de Tui-Vigo 25.400 euros e a de Astorga 13.000.

Esta colaboración permitiralles contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos. Ao abeiro deste convenio prevense actuacións de conservación e mantemento na igrexa parroquial de Santa María de Xunqueira, en Cee, pertencente á Arquidiocese de Santiago; na Igrexa de Santo Estevo do Val, no Vicedo (Lugo), pertencente á Diocese de Mondoñedo-Ferrol; na igrexa de Santa María de Freás de Eirás, en Ramirás (Ourense), da Diocese de Ourense; na Igrexa de San Xoán Bautista de Piñeiro, en Covelo (Pontevedra); na Diocese Tui-Vigo; na Igrexa de Xares, na Viega (Ourense), pertencente á Diocese de Astorga e nas de Santalla, en Paradela, e San Miguel de Buciños, en Carballedo, ambas da Diocese de Lugo.

O convenio enmárcase na colaboración habitual que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades mantén coas dioceses galegas para a posta en valor do patrimonio cultural galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REACTIVA A REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO CUNHA NOVA LIÑA DE SUBVENCÍONS ÁS SALAS DE CONCERTOS DOTADA CON 600.000 EUROS

- O Consello aproba a próxima convocatoria de axudas a espazos privados de exhibición musical para a contratación de actuacións ata o 30 de setembro de 2023 ao abeiro deste circuito autonómico e como parte da celebración do Xacobeo 21-22
- O seu novo sistema de financiamento a través de subvencións aos locais implica tamén a remodelación das condicións de programación principal da Rede, cun 100 % de solistas ou grupos galegos, o establecemento de cobramentos mínimos para cada membro das formacións ou o impulso da presenza de artistas femininas
- Trátase dunha das medidas para o sector musical xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ao abeiro do seu Hub Audiovisual da Industria Cultural

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a próxima publicación dunha nova liña de axudas ás salas privadas de concertos cunha dotación de 600.000 euros para reactivar a programación da Rede Galega de Música ao Vivo, ao abeiro do Xacobeo 21-22. Con esta convocatoria acométese, ademais, unha importante remodelación deste circuito autonómico de concertos para reforzar a súa profesionalización e a contratación de solistas e grupos galegos, así como a presenza de artistas femininas no cartel, entre outras novidades.

Por primeira vez nos seus 15 anos de historia, este programa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades articulará o seu sistema de financiamento a través dunha convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dirixida a salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público. O período de programación estenderase desde o día seguinte ao da publicación das bases e ata o 30 de setembro de 2023, de xeito que o orzamento de 600.000 euros se distribuirá ao 50 % entre 2022 e 2023.

Os requisitos de contratación foron consensuados en diálogo coas principais entidades representativas dos colectivos implicados, Músicas ao Vivo e a Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo (Clubtura), e varían en función das dúas modalidades convocadas.

Axudas do 100 %

A primeira delas (modalidade A) diríxese aos proxectos de programación ao abeiro da Rede Galega de Música ao Vivo, que serán subvencionados ao 100 % pola Xunta, cun

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

límite de 25.000 euros por proposta. As carteleiras das salas como parte deste circuíto deberán constar de entre 6 e 10 concertos por ano a cargo de solistas ou grupos que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia, dos cales un 40 % deberán ser de artistas femininas sempre que sexa posible. Establécese, ademais, o cobramento de cando menos 250 € por actuación para cada integrante das formacións contratadas e un prezo mínimo por entrada de 5 euros, entre outros requisitos.

Para configurar cadansúa programación en rede, o departamento de Industrias Culturais da Xunta de Galicia porá á disposición das salas subvencionadas un amplo catálogo artístico, que se configurará cos grupos e solistas galegos que se inscriban ata o 25 de maio na plataforma Gale scena.gal.

No caso da modalidade B, o obxectivo é apoiar o desenvolvemento das programacións ordinarias das salas, cun mínimo de 25 e un máximo de 65 concertos ao ano, a maiores dos organizados no marco da modalidade A como parte da Rede Galega de Música ao Vivo. Tamén aquí o límite máximo do orzamento subvencionable será de 25.000 euros. Ademais, a presenza de artistas galegos deberá supor cando menos o 50 % da proposta e será obrigatorio darlles visibilidade ás intérpretes femininas e que todos os concertos sexan de pago, entre outros requisitos.

Cada local solicitante poderá presentar un proxecto que integre ambas as modalidades ou ben optar só á categoría A.

Estabilidade na oferta musical

Este circuíto autonómico de concertos retomará así a actividade despois de que as restricións sanitarias provocadas pola pandemia motivasen a súa suspensión e conseguinte substitución por outras vías extraordinarias de apoio ao sector da música en directo a través do Plan de reactivación do sector cultural. A súa recuperación busca garantir a estabilidade na programación da música en directo en Galicia, máis alá dos eventos de gran formato, como parte dunha oferta cultural variada, descentralizada e próxima ao público.

Ademais, a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva suporá a concesión automática da axuda a aqueles espazos que cumpran todos os requisitos, axilizando desde xeito o sistema de tramitación das solicitudes.

A nova liña de axudas ás salas privadas de música ao vivo é unha das iniciativas postas en marcha pola Xunta a través do seu Hub Audiovisual da Industria Cultural, programa extraordinario que suporá unha inxección económica de 9,6 millóns de euros nas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

industrias culturais galegas e dentro do cal nestes momentos tamén se atopa aberta outra convocatoria de subvencións ao sector musical para a promoción e difusión de proxectos artísticos profesionais. Estes investimentos estanse a executar a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS DE FORMACIÓN PARA ENSINAR GALEGO EN UNIVERSIDADES DE PORTUGAL, ALEMAÑA, ITALIA, BRASIL E CROACIA

- O Consello dá o visto e prace á convocatoria dotada de máis de 300.000 euros para lectorados de lingua, literatura e cultura galegas no Algarve, Berlín, Padua, Río de Xaneiro, Roma e a cidade croata de Zadar
- A medida enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia por divulgar e promover o galego e tamén por facilitar a inserción laboral dos profesionais da lingua incorporándoos aos centros de estudos galegos de distintas partes do mundo

O Consello da Xunta dálle luz verde á convocatoria pública de seis bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas nos centros de estudos galegos localizados en universidades de Portugal, Alemaña, Italia, Brasil e Croacia cun investimento global de máis de 300.000 euros, como parte do compromiso do goberno autonómico por promover e divulgar a lingua galega fóra de Galicia e apoiar laboralmente os profesionais que se dediquen á docencia.

O programa de formación, que durará tres anos, terá un marcado carácter práctico e estará integrado por actividades relacionadas coa docencia, a programación e organización de tarefas, a investigación e a difusión e promoción da lingua, a literatura e a cultura galega. As persoas adxudicatarias desenvolverán estas actividades no marco do convenio asinado coas universidades de destino, que nesta convocatoria serán a Universidade do Algarve (Portugal), a Freie Universität Berlin (Alemaña), a Università degli Studi di Padova (Italia), a Universidade do Estado do Rio de Janeiro (Brasil), *Sapienza* Università di Roma (Italia) e Sveučilište u Zadru (Croacia).

Poderán participar as persoas menores de 35 anos que estean en posesión dalgunha das licenciaturas en Filoloxía Galega ou Filoloxía Románica, así como do grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en Estudos de Galego e Español, grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española ou grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.

Tamén poderá participar quen estea en posesión dalgunha das titulacións da área de humanidades sempre que, como mínimo, acredite 18 créditos de lingua galega e estea en posesión do Celga 4 ou, no caso de universidades fóra de España, 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés. Ademais, poderán presentarse os lectores que, antes de rematar o período máximo de estadía, se visen obrigados a cesar por causas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

alleas á súa vontade, sempre que esta circunstancia non derivase da resolución dun procedemento de tipo disciplinario.

Preto de 30 universidades con lectores

A convocatoria destas bolsas de formación enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia por difundir a lingua e literatura galegas no mundo a través de diferentes convenios para fomentar a docencia en galego.

Con todas estas accións, o Goberno galego está a facilitar que no día de hoxe a lingua galega se poida estudar ata en 36 universidades (nove nacionais e 27 internacionais). Dentro delas, 27 contan con lectores –profesores auxiliares que ensinan a lingua en determinados centros de ensinanza–, asentados en departamentos coñecidos como centros de estudos galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

A través desta convocatoria de formación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades promove unha oportunidade para que os profesionais da docencia se incorporen aos centros de estudos galegos e se poidan situar nunha mellor posición de cara a unha futura inserción laboral. O programa de formación complétase con actividades teórico-prácticas deseñadas en exclusiva para o colectivo de lectores de lingua e, con base nos convenios subscritos, facilítase a posibilidade de realizar, ou de completar, estudos de posgrao nas universidades de destino.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA O VIII PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, DOTADO CON 935,5M€, O MAIOR ORZAMENTO DA HISTORIA PARA LOITAR CONTRA AS DISCRIMINACIÓNS E PREVER A VIOLENCIA DE XÉNERO

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao documento estratéxico 2022-2027, que incrementa a súa dotación presupostaria nun 138,8 %
- Inclúe seis principios reitores e nove ámbitos de actuación con 128 liñas de acción para seguir avanzando nunha igualdade de xénero real e efectiva en todos os ámbitos
- Darase máis relevancia á empregabilidade, emprendemento e eliminación da fenda salarial; á igualdade nos eidos rural e do mar, en concordancia coa nova Lei de igualdade que se está a tramitar na actualidade; e ao apoderamento, sororidade e participación social da muller en todas as esferas da vida pública e privada
- O plan, con maior contido económico e con máis carácter ambicioso, outorgará máis estabilidade e sostibilidade ás políticas autonómicas de igualdade ao contar cun horizonte temporal de seis anos de vixencia e cunha avaliación intermedia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 cun orzamento de 935,5 millóns de euros, o maior da historia dun documento de planificación destas características, co reto de avanzar na loita contra as discriminacións e prever a violencia de xénero para conseguir unha igualdade de xénero real e efectiva en todos os ámbitos. O orzamento aumenta nun 138,8 % con respecto ao sétimo plan, así como os ámbitos de actuación, que serán un total de nove, fronte aos tres do antecesor.

O plan, con maior contido económico e con máis carácter ambicioso, outorgará máis estabilidade e sostibilidade ás políticas autonómicas de igualdade ao contar cun horizonte temporal tamén máis amplo que o predecesor, seis anos de vixencia fronte aos catro anteriores, e cunha avaliación intermedia ao remate do primeiro trienio, no 2024, para identificar as medidas que se levaron a cabo e as que non; e para coñecer os resultados das diferentes actuacións. Ao remate da vixencia do plan farase a avaliación final.

“É un plan ambicioso, un plan a seis anos, un plan con consignacións orzamentarias que chegan case a 1.000 M€, que deberá ser avaliado na metade da súa execución, aos 3 anos, e supón a expresión dunha prioridade absolutamente irrenunciábel para calquera administración”, abundou o presidente da Xunta, Alfonso Rueda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Como novidade, así mesmo, darase máis relevancia á empregabilidade, emprendemento e eliminación da fenda salarial; á igualdade nos eidos do rural e do mar; e ao apoderamento, sororidade e participación social da muller en todas as esferas da vida pública e privada.

O VIII Plan estratéxico inclúe en total 128 liñas de accións enmarcadas en oito ámbitos de actuación específicos e un transversal. Este último contén catro eixes diferenciados para que a perspectiva de xénero se inclúa en todos os programas e accións do Goberno galego: a resposta aos efectos da COVID-19 que tiveron un impacto máis significativo nas mulleres; a diversidade das mulleres con respecto á procedencia migratoria, orixe social, orientación sexual, idade ou discapacidade; a ruralidade para que o lugar de residencia non se converta nun factor máis de discriminación; e o cuarto eixe transversal xirará en torno á interseccionalidade para abordar a situación das mulleres en contextos de especial vulnerabilidade.

Oito ámbitos específicos

Con respecto aos oito ámbitos específicos, o primeiro versará sobre a empregabilidade, emprendemento e eliminación da fenda salarial, co reto de eliminar os desequilibrios de xénero no ámbito laboral, con especial énfase no emprendemento innovador. O segundo ámbito dedícase ás mulleres na ciencia e na investigación, co fin de configurar un sistema galego de ciencia, tecnoloxía e innovación que incorpore de forma efectiva o principio de igualdade e aproveite o talento feminino. O terceiro, de conciliación e corresponsabilidade no uso dos tempos, ten como obxectivo avanzar cara a un cambio cultural no uso dos tempos que lles permita a mulleres e homes compaxinar en igualdade a esfera privada coa profesional. O ámbito cuarto centrarase en accións encamiñadas á igualdade de oportunidades para as mulleres rurais co reto de eliminar os obstáculos que representan unha dobre discriminación para as mulleres rurais e do mar.

O quinto eixe está dedicado á educación para a igualdade e prevención das violencias contra as mulleres para reforzar a coeducación como instrumento de transformación para acabar coas desigualdades. O ámbito sexto, de apoderamento, sororidade e participación social, pretende conseguir a intervención plena das mulleres e incrementar a súa presenza nas esferas de poder e influencia.

Por último, o sétimo ámbito está destinado a outras políticas sectoriais para o benestar, a cohesión social e o reto demográfico, co fin de asegurar o benestar integral das mulleres na súa diversidade; e o oitavo incluírá accións de intervención para a erradicación da violencia de xénero para conseguir o rexeitamento social da violencia e garantir unha resposta institucional efectiva para a atención das vítimas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O plan, para o seu deseño, contou coa colaboración de todos os departamentos da Xunta e coa elaboración previa dunha diagnose sobre as desigualdades de xénero, así como cun proceso de revisión de plans, programas, informes e normativa vixente. A súa elaboración, ademais, baseouse en seis principios reitores: a igualdade como motor de progreso social e económico; o afianzamento da transversalidade de xénero; a colaboración intra e interinstitucional; a participación e corresponsabilidade civil; o apoderamento das mulleres; e o aliñamento cos obxectivos da Axenda 2030.

É preciso destacar, ademais, que o documento está en concordancia coa nova Lei galega de igualdade de mulleres e homes que a Xunta está a tramitar co fin de seguir avanzando cara á igualdade laboral, actualizar e unificar nunha mesma norma as medidas autonómicas para a loita contra a discriminación múltiple e os ataques sexistas á muller e referendar o compromiso da Administración galega coa formación profesional e o emprego feminino de calidade.

O VIII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027 constitúe, en definitiva, un documento marco que engloba os diferentes plans de igualdade que está a desenvolver a Xunta, como son, entre outros, o III Programa Muller e ciencia 2022-2025; o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade, do cal se está a elaborar unha nova edición; o Plan galego contra a trata; ou o Estatuto da muller rural e do mar, que formará parte da nova Lei de igualdade. Tamén inclúe as diferentes accións do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E TERNERA GALLEGA INVESTIRÁN 1,4 M€ NUNHA CAMPAÑA NACIONAL DE PROMOCIÓN DA TERNERA GALLEGA SUPREMA

- O Consello do Goberno galego autorizou un convenio de colaboración co consello regulador das indicacións xeográficas protexidas (IXP) de carne de vacún de Galicia en virtude do cal a Xunta financiará a metade da campaña, mentres a outra metade a achegará o propio consello regulador
- A campaña farase a nivel nacional, co fin de aumentar a sensibilización do público en xeral en relación con esta IXP e co consumo de vacún de calidade diferenciada
- A acción quere ser un revulsivo diante da difícil situación en que se atopa o sector galego de vacún de carne polo incremento dos custos de produción que condiciona a supervivencia das explotacións e tamén dos demais operadores da cadea de valor

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe un convenio de colaboración co consello regulador das indicacións xeográficas protexidas (IXP) de carne de vacún de Galicia para financiar a metade dunha campaña de promoción, fomento e difusión da carne de vacún certificada co selo Ternera Gallega Suprema, que acadará os 1,4 millóns de euros de investimento. Así, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria achegará á iniciativa 700.000 euros e o consello regulador outros 700.000 euros, entre a achega a este convenio e a campaña que presentou á convocatoria de axudas da Xunta para a promoción dos selos de calidade, publicada o pasado mes de xaneiro cun orzamento total de 3,5 millóns.

A campaña de promoción farase a nivel nacional, para cubrir todo o espectro de comunicación audiovisual dispoñible: radio, prensa, televisión, redes sociais e puntos de venda. Centrarase na IXP Ternera Gallega e, dentro dela, na categoría Ternera Gallega Suprema, que é a que procede de explotacións tradicionais con vacas nais e con base territorial.

O principal obxectivo desta iniciativa é aumentar a sensibilización do público en xeral en relación con esta IXP e co consumo de vacún de calidade diferenciada. Así, a campaña quere ser un revulsivo diante da difícil situación en que se atopa o sector galego de vacún de carne a causa do incremento dos custos de produción que condiciona a supervivencia das explotacións e tamén dos demais operadores da cadea de valor, como son a industria e a distribución. Trátase, ademais, de pór en valor a aposta que este eido produtivo fai pola calidade, polo benestar animal, pola biodiversidade, polo ambiente e pola xestión do territorio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Lembremos que o sector de vacún de carne, en particular, e o gandeiro, en xeral, están a sufrir unha situación de venda a perdas xeneralizada, xa que ao incremento dos custos de produción durante o exercicio de 2021 –que aínda perdura, con continuas subas na electricidade ou nos combustibles– se lle suman na actualidade os efectos da invasión rusa de Ucraína; de aí a necesidade de levar a cabo esta acción.

Lei da calidade alimentaria

Neste contexto de axuda ao sector, cómpre mencionar tamén que a Xunta aposta polo fomento destas producións cun apoio decidido aos consellos reguladores e tamén con iniciativas como a futura Lei da calidade alimentaria, actualmente en tramitación. Esta norma, que está previsto aprobar ao longo deste ano, ten como principal obxectivo conseguir que os produtos alimentarios galegos alcancen unha nova dimensión no mercado, máis competitiva e atractiva para a cidadanía e, en consecuencia, favorecer tamén o desenvolvemento local, a creación de emprego e a diversidade produtiva.

Ao tempo, búscase achegarlles ás persoas consumidoras todas as garantías de que o produto que se ofrece pasou rigorosos controis de calidade e estivo sometido a un especial coidado no proceso de produción e comercialización.

Freo á venda a perdas

Nesta mesma liña, a Xunta impulsou tamén a sinatura dun acordo histórico entre a cadea de valor do sector cárnico e Ternera Gallega para frear a venda a perdas e dignificar o prezo da carne de vacún. En virtude deste protocolo, as industrias cárnicas adquiriron o compromiso de pagarlles aos gandeiros un prezo igual ou superior ao dos seus custos, o mesmo compromiso que acadaron as cadeas de distribución de cara ao custo asumido polas industrias.

En concreto, para garantir prezos de venda adaptados aos custos de produción e rendas dignas para os gandeiros, instouse a incluír nos contratos de compra aos produtores unha cláusula en que se faga referencia a este protocolo, que estará vixente ata o 31 de decembro de 2022.

Nesa dirección, a Xunta creou –así mesmo– unha nova unidade que asume as funcións da Axencia de Control Alimentario en Galicia. Fíxose mediante unha modificación da estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural pola que se crea o Servizo da Cadea Agroalimentaria e Control de Prácticas Comerciais Desleais.

Deste xeito, o Goberno galego asume as competencias de supervisión do cumprimento das obrigas en materia de información e control alimentarios, consonte o establecido

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pola Lei da cadea alimentaria (de acordo coa súa modificación de decembro de 2021). Esta norma estatal prevé que as comunidades autónomas designen as autoridades encargadas de controlar o cumprimento da devandita lei nos seus territorios. Polo tanto, a Xunta asume, por responsabilidade, estas tarefas malia non ter recibido por parte do Estado os medios e os fondos necesarios para facelo.

Neste mesmo sentido, tamén se está a pór en marcha o Observatorio da Cadea Alimentaria de Galicia, un instrumento que ten como principais finalidades mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, procurar un maior equilibrio e transparencia nas relacións entre os diferentes operadores e fortalecer o sector produtor, con vistas a conseguir uns prezos xustos, que sempre cubran os custos de produción. Isto é especialmente importante en sectores como o de vacún de carne, nos cales se está a dar unha situación de venda a perdas xeneralizada.

Peso económico do sector

Galicia é unha das comunidades autónomas máis importantes de España na gandaría de vacún, tanto en cifras de produción como, sobre todo, en número de explotacións, o que converte o sector nun dos piares máis importantes da economía rural galega. Así, o sector gandeiro desta Comunidade acadou unha facturación global no ano 2021 de 1.409 millóns de euros, xerando un total de 17.503 UTA ou postos de traballo directos. Deles, 414 millóns corresponden ao sector de vacún de carne que, con 95.600 toneladas sacrificadas no ano pasado en Galicia, representa o 14,11% da produción total de España, tan só por detrás de Cataluña (18,52%) e Castilla y León (16,36%).

Así mesmo, a indicación xeográfica protexida (IXP) Ternera Gallega é o indicativo de calidade cárnico que máis certifica en España (case un 60% da carne de vacún comercializada con denominación), cun valor en orixe de 137 millóns de euros no ano 2021.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DIRECTAS PARA MICROEMPRESAS E PEMES CO OBXECTIVO DE REFORZAR A SÚA APOSTA POLA INNOVACIÓN

- O novo programa Bonos de innovación contribuirá a que as beneficiarias realicen actividades de innovación que poidan levarse a cabo de maneira inmediata e repercutan directamente na capacidade para dar resposta aos retos actuais do tecido empresarial
- Con este incentivo de ata 35.000 euros quérese apoiar especialmente as compañías que incorporan por primeira vez a innovación na súa estratexia e, ademais, permitirá dar visibilidade á innovación oculta que se fai nas pemes
- A través deste novo instrumento cubriranse o 70% dos custos de servizos profesionais externos de apoio á innovación

O Consello da Xunta avaliou esta mañá unha nova liña de axudas directas destinada a microempresas e pemes que ten como obxectivo mellorar, de xeito inmediato, a súa capacidade de innovación como ferramenta para fomentar a competitividade empresarial en Galicia. Cun orzamento dun millón de euros, os bonos de innovación pretenden chegar a 50 beneficiarios apoiando, especialmente, as compañías que incorporan por primeira vez o factor innovador na súa estratexia e dando visibilidade á innovación oculta que se está realizando en moitas pemes galegas.

O novo programa da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación enmárcase dentro do compromiso da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2027. As micro e pequenas empresas son unha prioridade da RIS3 e por iso define itinerarios de apoio completo que respondan á heteroxeneidade do tecido empresarial e que apoiem nos diferentes estadios en que se atopan as empresas que empezan a innovar. Esta axuda xorde tras o éxito de InnovaPeme e como resposta ás necesidades concretas daquelas compañías que aínda non contan cos medios e capacidades para participar nesta convocatoria. Cando unha empresa pensa en empezar a innovar, por tanto, ten apoios para ir paso a paso, desde o ReAcciona Innovación, pasando polos bonos, ata chegar ao InnovaPeme.

Estes bonos complementarán as capacidades das empresas a través da contratación de servizos externos, ben a través de servizos de apoio á innovación –incluídas actividades para a protección do coñecemento, transferencia tecnolóxica, comercialización ou desenvolvemento de produtos e servizos, por exemplo–, ben con servizos como a xestión do financiamento da innovación –tramitación de incentivos e beneficios fiscais para a I+D+i ou de presentación de axudas estatais, europeas ou internacionais de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

I+D+i-. Polo tanto, a nivel de mobilización de investimento, cómpre salientar a capacidade de atraer fondos públicos doutras administracións, por exemplo, suporá un incentivo para presentar proxectos ás convocatorias europeas ou estatais en materia de innovación.

As axudas, de concorrencia competitiva, cubrirán o 70 % do custo elixible e chegarán a un máximo de 35.000 euros no caso do bono de servizos e 10.000 no de xestión. Os criterios de valoración terán en conta as características da empresa solicitante, a experiencia previa en innovación, así como a avaliación obxectiva de cada proxecto.

Esta convocatoria forma parte do conxunto de medidas do Programa de impulso á innovación nas pemes, como ReAcciona, a aceleradora Galicia Avanza, InnovaPeme, DeseñaPeme ou os préstamos IFI Innova. No caso concreto do programa InnovaPeme, en activo desde o ano 2017, xa se apoiaron 160 pemes –sen contar a convocatoria deste ano– con axudas por 16,1 M€. Delas, o 48 % foi para microempresas, o 31 % para pequenas empresas e o 21 % para medianas, o que está permitindo crear e manter 767 postos de traballo. Nos dous últimos anos conseguíuse, ademais, incorporar 51 pemes ao ecosistema innovador.

A Xunta de Galicia segue, polo tanto, apostando pola innovación como instrumento de competitividade para o tecido empresarial, pois propicia unha mellor preparación para afrontar os retos do futuro, impacta de xeito positivo na continuidade das empresas e na súa capacidade para crecer e internacionalizarse, á vez que favorece unha mellora de produtos, servizos e procesos das organizacións, que tamén impactan nos clientes e consumidores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE 800.000 € EN AXUDAS A 42 CONCELLOS PARA MELLORAR A IMAXE EXTERIOR E OS IMPACTOS PAISAXÍSTICOS EN EDIFICIOS E EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS

- En total, outorgáronse 53 subvencións por un importe máximo de 20.000 € e houbo 11 municipios que recibiron dúas axudas, unha por cada liña prevista na orde
- Nas vindeiras semanas resolverase tamén a convocatoria de axudas dirixida a apoiar aos cidadáns nas súas intervencións sobre inmobles e edificacións particulares, coa previsión de que se concedan unhas 600 subvencións por un importe total de 1,6 M
- Estas dúas liñas de incentivos, que mobilizarán un mínimo de 3,5 M€, enmárcanse na aposta da Xunta polo 'fermosismo' co obxectivo de avanzar cara á concienciación da sociedade en materia de paisaxe

A Xunta concedeu este ano un total de 800.000 euros en axudas a 42 concellos para apoialos no financiamento de obras e actuacións de mellora que repercutan de forma positiva na imaxe exterior de edificios públicos, equipamentos e outros elementos e instalacións de titularidade municipal, reducindo así o impacto paisaxístico que causan sobre a contorna.

Por segundo ano consecutivo o Goberno galego volveu apostar por esta liña de subvencións, un programa pioneiro impulsado en 2021 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET) e cuxa primeira convocatoria —con dúas ordes diferenciadas, unha dirixida a concellos de menos de 20.000 habitantes e outra para propietarios particulares— foi moi ben acollida.

En vista do éxito da iniciativa, a Xunta convocou o pasado mes de xaneiro novos incentivos para animar a cidadanía e as entidades locais a impulsar actuacións de renovación, mellora e acondicionamento exterior en edificios e outros equipamentos.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o resultado da primeira destas ordes de axudas, a dirixida a concellos de menos de 20.000 habitantes. Cun orzamento de 800.000 euros, a convocatoria prevía dúas liñas de actuación: unha para obras coas cales emendar o impacto paisaxístico en dependencias municipais de tipo sanitario-asistencial, educativo, cultural ou administrativo-institucional; e outra, para mellorar determinados equipamentos propiedade dos concellos, facendo especial fincapé en elementos etnográficos como fontes, hórreos, palcos de música e lavadoiros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao igual que ocorrera o ano pasado, o crédito dispoñible para esta liña de incentivos esgotouse na súa totalidade, confirmando así o interese e a implicación do municipalismo galego coa mellora das súas instalacións e a protección da paisaxe.

En total, concedéronse 53 subvencións a 42 municipios, xa que 11 deles recibiron dúas axudas, unha por cada liña de actuación prevista. O importe destes incentivos pode chegar ata os 20.000 euros —o 70 % do custo total estimado— de xeito que os concellos que resultaron beneficiarios recibirán 40.000 euros, como máximo, para corrixir impactos paisaxísticos nas súas dependencias e equipamentos públicos, unha das novidades da convocatoria de 2022, xa que o ano pasado o límite estaba en 35.000 euros.

Entre as actuacións subvencionables no marco da liña 1 inclúense obras de renovación do acabado exterior das fachadas, remate ou substitución de cubertas, e revestimento de muros de cerramento do predio. En canto ás intervencións en fontes, palcos, lavadouis e hórreos, serán melloras de índole menor xa que non se poderá cambiar o uso nin se aumentará o volume dos elementos estruturais que os compoñen.

Ademais, todas as actuacións que se subvencionen terán que adaptarse aos criterios fixados na Guía de cor e materiais de Galicia ou, no caso dos valados e cerramentos, aos da Guía de boas prácticas de caracterización e integración paisaxística de valados. Os concellos deberán rematar e xustificar a execución das obras antes do 30 de setembro.

En canto á orde de axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas á cidadanía, cómpre subliñar que este ano se recibiron un total de 2.000 solicitudes. Aínda que a convocatoria se resolverá nas vindeiras semanas, a previsión do IET é conceder ao redor de 600 subvencións por un importe total de 1,6 millóns de euros, é dicir, a totalidade do crédito dispoñible para esta liña.

En total, prevese que as actuacións mobilicen investimentos por un mínimo de 3,5 millóns de euros, tendo en conta que os beneficiarios —concellos ou particulares— achegan a lo menos un 30% do valor da obra.

Este balance provisional mellora de forma notable o do ano anterior, cando se subvencionaron 445 intervencións de mellora paisaxística en propiedades particulares; un incremento de case o 35 %, que foi posible grazas ao esforzo orzamentario realizado para pasar dos 1,2 millóns de euros de 2021 aos 1,6 millóns asignados á orde deste ano.

A paisaxe, factor clave na calidade de vida

A paisaxe é un elemento que contribúe a axudar a mellorar a calidade de vida e o benestar dos cidadáns xa que a contorna das persoas inflúe notablemente na súa actividade diaria, polo que é importante protexer a diversidade paisaxística de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso, a Xunta decidiu convocar de novo este ano ambas as liñas de subvencións no marco da súa aposta polo *fermosismo* xa que, a través destas axudas, se promove unha cultura de dignificación do territorio en que a participación da sociedade resulta clave, fomentando a sensibilización polo coidado da riqueza da paisaxe e avanzando no obxectivo de garantir unha integración harmónica entre as construcións urbanas, tanto públicas como privadas, e a contorna paisaxística.

Ademais, estas axudas tamén repercuten directamente na economía dos galegos, que poden obter unha subvención para mellorar o aspecto exterior dos seus bens inmobles e tamén se benefician dunha mellora nas súas condicións de vida a través do financiamento que reciben os concellos para promover actuacións de renovación, remate e mellora en edificios destinados a servizos municipais e en equipamentos que, sendo de titularidade local, son de uso e gozo para o conxunto da poboación.

En conxunto, a primeira convocatoria das ordes de axudas para a corrección de impactos paisaxísticos para particulares e concellos saldouse con máis de 500 subvencións concedidas por un total de 2 millóns de euros e permitiron intervenir en 222 municipios. Ademais, tendo en conta que a Xunta non cobre o 100 % do custo da actuación, estímase que grazas a estes incentivos se mobilizou un investimento total de 2,9 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DAS OBRAS NECESARIAS PARA RESTITUÍR O TRÁFICO DE ACCESO A FOLGOSO DO COUREL, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,3 M€

- A construción do novo acceso provisional, que vén de comezar, estará rematada a finais de xuño
- Trátase dunha solución temporal acordada entre a Xunta e o Concello para facilitar a mobilidade dos veciños mentres se define a alternativa máis segura e viable para a reconstrución do treito da LU-651 desprendido o pasado marzo
- O obxectivo é favorecer as comunicacións dos veciños, que agora só poden circular pola estrada que pasa pola Campa e Vidallón, sen a funcionalidade suficiente
- A Xunta realizou sondeos xeotécnicos para coñecer o estado do terreo e avaliar as distintas alternativas para restablecer a vía
- O tráfico entre Quiroga e Folgoso permanece cortado debido ao afundimento o 20 de marzo no quilómetro 18 da estrada LU-651

O Consello da Xunta deu conta hoxe da tramitación de emerxencia das obras para executar o acceso provisional a Folgoso do Courel co fin de restituír o tráfico na estrada LU-651, unha actuación que suporá un investimento de máis de 1,3 millóns de euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de comezar estas obras co fin de rematalas a finais de xuño, xa que teñen un prazo estimado de 6 semanas.

A Xunta axilizou os trámites necesarios co obxectivo de restablecer canto antes o tráfico nesta zona, na que se rexistrou un desprendemento o pasado 20 de marzo.

A intervención que se está acometer é un acceso provisional acordado entre a Xunta e o Concello de Folgoso do Courel para facilitar a mobilidade dos veciños, mentres se avanza na definición e trámites da alternativa definitiva máis segura e viable.

O novo acceso, que se desenvolve nas proximidades do treito afundido, terá unha lonxitude duns 740 metros e posibilitará garantir a mobilidade na contorna, tamén para vehículos pesados, sendo a alternativa máis eficiente a curto prazo.

A vía facilitará as comunicacións dos veciños, que agora deben circular pola estrada que pasa pola Campa e Vidallón, que non ofrece a funcionalidade suficiente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA


INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que a estrada LU-651 permanece cortada ao tráfico entre Quiroga e Folgoso como consecuencia do desprendemento rexistrado á altura do quilómetro 18, na zona Santa Eufemia, o pasado 20 de marzo.

A Xunta actuou desde o primeiro momento do afundimento, traballando na declaración de emerxencia para poder executar a obra coa máxima axilidade posible e deseñando unha solución rápida e eficiente.

Ademais, a Consellería de Infraestruturas realizou unha campaña de sondeos xeotécnicos na zona do afundimento para avaliar o comportamento do terreo e determinar a viabilidade das distintas alternativas e o restablecemento da conexión viaria.

Plano co trazado do acceso provisional que se vai executar:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 2 M€ AOS CONCELLOS PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE PISTAS MULTIDEPORTE NOS COLEXIOS AO ABEIRO DO PLAN DE NOVA ARQUITECTURA PEDAGÓXICA DE GALICIA

- O Consello dá luz verde a esta orde de axudas a través da cal a Administración autonómica subvencionará ata o 85% do custo destas infraestruturas de uso compartido entre os centros e os concellos
- É a primeira vez que se habilita unha liña deste tipo, que incide na colaboración interinstitucional entre as administracións autonómica e locais

A Xunta habilita unha liña de axudas de 2 M€ aos concellos para a dotación e mellora de pistas multideporte nos colexios públicos da Comunidade de acordo co Plan de nova arquitectura pedagóxica de Galicia para os centros escolares.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta orde, a primeira deste tipo que se habilita para tal fin, a través da cal a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financiará ata o 85 % do custo destas infraestruturas lúdico-deportivas nos centros escolares que son de uso conxunto entre a comunidade educativa e a cidadanía.

Esta nova liña está recollida no Plan de nova arquitectura pedagóxica nos centros educativos, dotado de 191 M€, que se puxo en marcha o ano pasado co obxectivo de avanzar nun modelo de arquitectura institucional educativa acorde coas novas metodoloxías de aprendizaxe, cos novos espazos de socialización escolar e cos obxectivos de desenvolvemento sustentable 2030, e tendo en conta ademais a experiencia das dinámicas escolares xeradas no contexto de pandemia.

Precisamente un dos eidos de actuación son as instalacións deportivas dos centros, concibidas como espazos de socialización que admiten un uso polivalente de carácter educativo durante o horario lectivo e aberto ao uso xeral fóra deste. Preténdense, deste xeito, promover unha vida sa entre o alumnado e permitir a práctica de, polo menos, cinco deportes, nun espazo polifuncional.

Nesta liña, a Consellería habilitará unha convocatoria específica de axudas aos concellos para pistas multideporte en centros de educación infantil e primaria e nos centros integrados non universitarios (CPI) de titularidade municipal, cuxo deseño deberá ser conforme cos modelos establecidos no Plan de nova arquitectura pedagóxica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así pois, os concellos de 5.000 habitantes ou menos recibirán da Xunta ata o 85 % da contía subvencionable ata un máximo de 85.000 € por proxecto. No caso dos concellos con poboacións de entre 5.000 e 15.000 habitantes, a porcentaxe subvencionable será do 75 % e nos de poboación igual ou superior a 15.000 habitantes será do 60 %. Cada un deles poderá presentar unha solicitude cun único proxecto por concello.

Poderán beneficiarse destas axudas todos os concellos que acrediten a dispoñibilidade sobre os terreos ou inmobles en que se pretenden realizar as actuacións, así como que contén coas autorizacións ou licenzas urbanísticas ou sectoriais preceptivas.

Serán subvencionables todos os gastos relativos ás actuacións de recuperación, mellora e adecuación de pistas multideporte nos centros públicos de educación infantil e primaria e nos centros públicos integrados non universitarios de titularidade municipal. En todo caso, as actuacións deberán axustarse aos modelos tipo aprobados pola Consellería.

Esta liña de axudas referencia a liña de traballo interinstitucional entre as administracións autonómica e local para o máximo aproveitamento das infraestruturas públicas. Nesta liña, cómpre lembrar o Acordo marco selado entre a Consellería e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) a través do cal se regula a apertura das instalacións deportivas dos institutos ao seu uso por parte da cidadanía fóra do horario escolar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NÚMERO TOTAL DE DOSES DA VACINA ANTIGRI PAL ADMINISTRADAS NA POBOACIÓN GALEGA ASCENDEU NO PASADO ANO A 832.248

- O aumento nas coberturas acadadas que se observa nos últimos anos ten un impacto positivo na saúde da cidadanía galega, xa que a través da prevención da enfermidade diminúe o número e gravidade das complicacións derivadas de padecela
- Sanidade remarca o importante aumento das coberturas de vacinación nos profesionais sanitarios nos últimos anos, multiplicándose por 2,5 desde o ano 2015

O Executivo galego reunido no día de hoxe coñeceu un informe da Consellería de Sanidade referido á campaña de vacinación antigripal 2021 no cal se sinala que o número total de doses administradas na poboación galega ascendeu a 832.248. Deste total, cómpre remarcar que o número de doses postas ás persoas de 65 ou máis anos foi de 511.873, o que supón unha cobertura do 73,74 %, e 18.984 persoas vacinadas máis deste grupo de idade que o ano anterior, no cal se puxeran 492.889.

Coa campaña anual de vacinación, o Executivo galego busca beneficios en saúde e tamén sociais, ao diminuír o absentismo, a mortalidade e os custos de atención sanitaria, o que reduce as consultas, as hospitalizacións e os tratamentos.

A campaña desenvolveuse con normalidade, sen resaltaren incidencias salientables e mantívose a subministración continua das doses a todo o sistema sanitario galego. Os custos das doses desta campaña ascenderon a 5,7 millóns.

Cómpre remarcar que, se analizamos a vacinación por subgrupos de idade, se observa en todos eles un aumento da cobertura. En concreto, nas persoas de 75 ou máis anos acadouse o 81,2 %, polo que se superou o obxectivo establecido do 75 %.

A vacinación dos traballadores sanitarios nesta campaña amosa unha cobertura cercana ao 69 %, o que demostra a consolidación da tendencia crecente na vacinación no persoal médico e de enfermaría, obviando as excepcionais coberturas do ano 2020. O importante aumento das coberturas de vacinación nos profesionais sanitarios nos últimos anos, multiplicándose por 2,5 desde o ano 2015, reflicte a concienciación deste colectivo sobre os efectos beneficiosos que proporciona, e fai prever a mellora das coberturas na poboación diana desta campaña nos próximos anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O aumento nas coberturas acadadas que se observa nos últimos anos ten un impacto positivo na saúde da cidadanía galega, xa que a través da prevención da enfermidade diminúe o número e gravidade das complicacións derivadas de padecela.

A vacina da gripe ten un importante beneficio en canto que reduce a incidencia desta enfermidade pero, moi especialmente, interesa o beneficio que se obtén ao diminuír a frecuencia de complicacións secundarias e, polo tanto, o risco derivado de hospitalización e morte relacionada coa gripe nas persoas maiores, con ou sen condicións médicas de risco, e noutras persoas con patoloxías previas.

Cómpre sinalar que entre as novidades desta campaña estiveron a vacinación secuencial, comezando polo persoal sanitario; a administración conxunta en maiores de 80 da antigripal coa terceira dose da COVID; e o establecemento de filtros informáticos para asegurar a adecuada xestión das doses nos puntos de vacinación, co que se mellorou, deste xeito, a coordinación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

